



***AS XANELAS ÚNICAS
EMPRESARIAIS EN EUROPA
Novembro 2006.***





Dirección do proxecto (CESGA): Ramón Basanta

Coordinación e edición. Equipo do proxecto ICHNOS (CESGA):

Iria Veiga

Diego Nieto

Investigación e traballo de campo: Instituto Sondaxe, S.L.

Ana Barbosa Vázquez

Iria López Cillero

Ana Lesta Mosquera

Isabel García-Carro Pena

María Ramírez Fernández



Tradución e asesoramento lingüístico:



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA CEG

ISBN-10: 84-690-3457-X

A presente obra pode ser distribuída, copiada ou exhibida por terceiros sempre que se cite a fonte. Os contidos da presente obra non poderán ser usados para a obtención de beneficio comercial.



ÍNDICE

CAPITULO I:	5
1.1 Importancia das pemes no desenvolvemento económico de Europa: repercusión da Carta europea da pequena empresa.	5
1.2 Liñas de actuación da Comisión Europea:	7
1. O proxecto Best sobre "educación e formación no espírito empresarial":.....	8
2. O proxecto Best sobre "reestruturación, quebra e novo comezo"	9
3. O proxecto Best sobre "avaliación do impacto sobre as empresas". ...	9
CAPÍTULO II:	11
2.1 Directiva do Parlamento Europeo e do Consello: Directiva Bolkestein.	11
2.2 As xanelas únicas empresariais en Europa.	13
ALEMAÑA	14
AUSTRIA.....	16
BÉLXICA.....	17
CHIPRE.....	20
DINAMARCA.....	22
ESLOVENIA.....	24
ESPAÑA.....	25
ESTONIA	42
FINLANDIA	43
FRANCIA	46
GRECIA	48
HOLANDA.....	51
HUNGRÍA.....	52
IRLANDA.....	53
ITALIA	55
LETONIA.....	57
LITUANIA.....	59
LUXEMBURGO.....	60
MALTA	61
NORUEGA	62
POLONIA	63
PORTUGAL	64
REINO UNIDO	67
REPÚBLICA CHECA	70
REPÚBLICA DE ESLOVAQUIA.....	72
SUECIA.....	73

2.3 Boas prácticas recoñecidas e contempladas pola Comisión Europea en torno á segunda liña de actuación da Carta europea da pequena empresa: posta en marcha máis rápida e menos custosa, por países.	74
BÉLXICA.....	74
DINAMARCA.....	75
ESTONIA	75
IRLANDA.....	76
LITUANIA	77
LUXEMBURGO.....	78
MALTA	78
POLONIA	79
PORTUGAL	79
2.4. Indicadores do Banco Mundial para crear unha empresa.....	80
CONCLUSIÓNS.....	82
FONTES DE INFORMACIÓN:	84
PÁXINAS WEB CONSULTADAS:	85
ANEXO 1: DESENVOLVEMENTO DO ARTICULADO CORRESPONDENTE AO CAPÍTULO II DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA, CAPÍTULO III LIBRE CIRCULACIÓN DE SERVIZOS - SECCIÓN 2 DEREITOS DOS DESTINATARIOS DE SERVIZOS E CAPÍTULO IV CALIDADE DOS SERVIZOS	88
ANEXO 2: DATOS DUN ESTUDO DO BANCO MUNDIAL, REALIZADO NO 2006, NO QUE SE COMPARAN O NÚMERO DE PROCEDEMENTOS, TEMPO E GASTO QUE SE REQUIREN PARA DAR DE ALTA UNHA SOCIEDADE LIMITADA EN DISTINTOS PAÍSES DA UE.....	96

CAPITULO I:

1.1 Importancia das pemes no desenvolvemento económico de Europa: repercusión da Carta europea da pequena empresa.

As pemes constitúen o tecido empresarial de Europa¹, e representa "a columna vertebral da economía na UE", de aí que "haxa 23 millóns, o que representa o 99% de todas as empresa da UE" e produzan 75 millóns de postos de traballo. Na práctica, estes datos tradúcense en que dous terzos de todo o sector privado de traballo en Europa son pemes, polo que a pesar de tratarse de pequenas e medianas empresas, o peso que teñen dentro da UE é importante e significativo.

Se atendemos á distribución por sectores, máis do 80% dos empregos se distribúen no téxtil, a construción e o mobiliario. A pesar da súa relevancia e peso no desenvolvemento da economía europea, o espírito empresarial non é unha idea preferente á hora de emprender a vida laboral de moitos europeos. O 60% dos cidadáns europeos afirman non pensar nunca no autoemprego e iniciar a súa vida laboral creando o seu propio negocio².

Debido ao alcance e repercusión destes datos, cómpre destacar a importancia da creación dun espazo axeitado para o desenvolvemento das pemes en Europa. Por iso se vén xerando a importancia de "estimular o crecemento económico e crear novos postos de traballo"³. Un reto que deben asumir tanto os políticos a nivel europeo como a nivel de nacional é inverter e cambiar este proceso.

¹ Empresa Europa n° 19, páx. 9, abril-xuño 2005.

² Eurostat, *Comision Communication on Modern Sme Policy for Growth and Employment* (2005)

³ Carta europea da pequena empresa, Cumio Europeo de Feira, Lisboa, 2000.

A Carta europea das pequenas empresas, en adiante a "Carta", adoptada polo Consello de Asuntos Xerais o 13 de xuño de 2000 e aprobada polo Consello Europeo de Feira os días 19 e 20 de xuño de 2000, invitaba os estados membros e a Comisión a emprender unha serie de accións en determinados ámbitos para apoiar e impulsar a pequena empresa"⁴, para que "a UE se converta na economía do coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo, capaz dun crecemento económico sostible"⁵.

Produto da situación das pemes en Europa, a Carta marca unhas pautas de boas prácticas para fomentar o espírito empresarial, nas cales os estados membros participantes desempeñan un papel vital: o de formular políticas axeitadas que teñan en consideración as necesidades das pemes.

A Comisión Europea é o eixe central para a consecución dos fins establecidos na Carta, a principal consecuencia da cal é que "a Comisión Europea financia estudos para recompilar información sobre o modo en que os estados membros abordan tales asuntos"⁶. Tanto os países membros de UE como os demais estados participantes aplican as pautas que seguir na Carta adecuándoas ás propias necesidades internas de cada país. Estas prácticas recóllense en proxectos BEST, os cales serven de referencia para todos os países. O obxectivo destes proxectos é "orientar a atención das políticas de alto nivel cara aos principais asuntos acordados cos gobernos nacionais e en concertación coas organizacións profesionais, para contribuír ao cambio das políticas nacionais en materia de mellora do ámbito empresarial".⁷

⁴ Comunicación da Comisión, Carta da Pequena Empresa, Bruxelas 7.03.2001

⁵ Carta europea da pequena empresa, Cumio Europeo de Feira, Lisboa, 2000.

⁶ Empresa Europa nº 19, páx, 9, abril-xuño2005

⁷ Scadplus: Procedemento Best: 2001-2002: simplificación lexislativa e normativa.

1.2 Liñas de actuación da Comisión Europea:

Os xefes de estado e goberno, durante a celebración do Consello Europeo de Ámsterdam os días 16 e 17 de xuño de 1997, poñen de manifesto a necesidade de simplificar a lexislación e a normativa das empresas, en particular das pemes. Desta idea xorde un grupo de traballo denominado Best (Business Environment Simplification Task Force ou Grupo Operativo para a Simplificación do Ámbito Empresarial), composto por expertos procedentes do mundo da empresa, da Administración e do ámbito universitario.

En decembro de 2000ponse en marcha o procedemento Best como resposta á Comisión Europea do chamamento do Consello Europeo de Lisboa de 2000. O obxectivo final do devandito procedemento é comparar as boas prácticas dos estados membros e impulsar a súa política empresarial. Este procedemento consta de cinco etapas:

- Identificación dos sectores e cuestións específicas coa axuda do grupo político de empresa.
- Definición do proxecto (alcance e obxectivo);
- Execución (límite de 18 meses e participación voluntaria dos estados membros);
- Adopción de conclusións (comparación sistemática dos resultados);
- Seguimento (envío de información por parte dos estados membros sobre os cambios no ámbito empresarial).

Desde o ano 2001 ata o 2005, a Comisión Europea puxo en marcha varios proxectos que levaron a adoptar múltiples recomendacións. A maioría destes proxectos refírense a sectores moi concretos, plasmados na Carta da Pequena

Empresa e que son o punto de partida para marcar o desenvolvemento e as directrices que seguir polos estados membros e países participantes. O informe máis recente (Informe sobre a aplicación da Carta europea da pequena empresa dos estados membros da Unión Europea, ano 2005) ofrece unha panorámica actual das principais medidas de aplicación da carta adoptadas durante o ano 2004 polos 25 estados membros e Noruega⁸. Ademais, este informe serve para avaliar os avances de cada estado participante sobre as recomendacións dos proxectos concluídos que entran dentro dos ámbitos prioritarios seleccionados para este ano, que se detallan a continuación:

1. O proxecto Best sobre "educación e formación no espírito empresarial".
2. O proxecto Best sobre "reestruturación, quebra e novo comezo".
3. e o proxecto Best sobre "avaliación do impacto sobre as empresas".

Así mesmo, o informe sobre a aplicación da Carta europea ten un obxectivo moi claro: estimular o intercambio de experiencias e boas prácticas en Europa.

1. O proxecto Best sobre "educación e formación no espírito empresarial":

Compromisos da carta:

«Europa educará o espírito empresarial e as novas habilidades desde unha idade temperá. Debe transmitirse en todos os niveis escolares un coñecemento xeral sobre a actividade e o espírito empresariais. Deben crearse módulos específicos sobre temas empresariais, que constitúan un elemento fundamental dos programas educativos do ensino secundario e superior.

Alentaremos e fomentaremos os empeños empresariais dos mozos e desenvolveremos programas de formación axeitados para directivos de pequenas empresas.»

Os estados membros e os países participantes fan fincapé en fomentar o espírito empresarial na educación en todos os niveis educativos, coa finalidade

⁸ Documento de traballo dos servizos da Comisión, COM (2005) 30 final.

de incrementar o número de persoas que se formulan a posibilidade de desenvolver algunha actividade empresarial.

2. O proxecto Best sobre "reestruturación, quebra e novo comezo"

Compromisos da Carta:

«Hai que avaliar as normativas nacionais en materia de quebra desde a óptica da boa práctica. O que poida aprenderse das avaliacións comparativas deberá conducirnos a mellorar as prácticas que rexen actualmente na UE (...) Podería eximirse as pequenas empresas de satisfacer certas obrigas regulamentarias. Neste contexto, a Comisión podería simplificar a normativa en materia de competencia para reducir a carga que o seu cumprimento representa para as pequenas empresas.»

A dinámica empresarial dun país mídese polo número de empresas que inician a súa actividade e que a cesan. De aí que o intercambio das prácticas entre países do proxecto do procedemento Best sobre reestruturación, quebra e novo comezo sirva para saber superar eses momentos de crise, reducindo así o fracaso. Ademais, a reestruturación debería mellorarse co fin de manter as empresas en pé, é dicir, os procesos de liquidación e reestruturación dunha empresa, debería existir en todas as fases do seu procedemento.

3. O proxecto Best sobre "avaliación do impacto sobre as empresas".

Compromisos da Carta:

"Debe analizarse toda normativa nova, a nivel tanto nacional como comunitario, para avaliar a súa repercusión nas pequenas empresas e nos pequenos empresarios. Sempre que sexa posible, deben simplificarse as normas nacionais e comunitarias. Os gobernos deberán adoptar documentos administrativos de doado uso".

Neste proxecto dáselle prioridade á mellora do "ámbito legislativo das empresas; é dicir, cabe a posibilidade de eximir as pequenas empresas de

determinadas obrigas legais que poden resultar particularmente gravosas para elas". Por iso os países adherentes e candidatos teñen que reforzar "a avaliación do impacto sobre as empresas", así como "involucrar a comunidade empresarial no proceso lexislativo".

Ademais dos progresos realizados nos tres ámbitos mencionados anteriormente, o informe do 2005 fai referencia a outros ámbitos da carta entre os cales destacamos: posta en marcha menos custosa e máis rápida; mellorar o acceso en liña; sacar máis proveito do mercado único; promoción e capacidade tecnolóxica das pequenas empresas, modelos de empresas, electrónica próspera e apoio de alto nivel á pequena empresa...; o resultado de todos estes avances abren paso á instauración dun punto de encontro: a xanela único empresarial (en adiante VUE).

A través das VUE, inténtase eliminar un dos principais obstáculos aos que se enfrontan as pemes no acceso ás actividades de servizos. Por este motivo, e en relación coas iniciativas mencionadas anteriormente de modernización e boas prácticas administrativas, procede establecer principios de simplificación administrativa; en concreto, introducindo a nivel comunitario o sistema de VUE⁹.

No ámbito europeo, as VUE pódense definir como estruturas públicas ou privadas repartidas de xeito coherente sobre o territorio. Están constituídas non só por autoridades administrativas, senón tamén por cámaras de comercio ou de oficios, colexios profesionais ou organismos privados aos que os estados membros encomenden esta función. A finalidade última das VUE é expedir os documentos necesarios para acceder a unha actividade de servizos, actuando como intermediario entre o prestador e as devanditas autoridades directamente competentes.

⁹ Considerando 22 da proposta modificada de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello relativa aos servizos no mercado interior.

CAPÍTULO II:

2.1 Directiva do Parlamento Europeo e do Consello: Directiva Bolkestein.

Coa instauración da Carta da Pequena Empresa, creada a petición do Consello Europeo de Lisboa no 2000, en sentido xenérico, preténdense expoñer unhas liñas de actuación que han de seguir os estados membros e os países participantes, co fin de facer efectivos os proxectos Best manifestados a través de diferentes prácticas. A economía dun país vén marcada polo seu desenvolvemento económico, de aí o interese dos gobernos en establecer unha normativa que axude a fomentar a política empresarial. A pequena empresa desempeñará un papel crucial en cada un dos obxectivos da Unión, de entre os cales destacamos a cohesión económica e social; ademais, debe poñer todos os medios para facilitar a integración da carta por parte de todos os países, posto que esta constitúe unha base política capital que permitirá estruturar os esforzos públicos e privados a favor da pequena empresa, así como iniciar políticas económicas e sociais eficaces.

A raíz dos informes anuais presentados polos países participantes e estados membros respecto ás boas prácticas levadas a cabo, a Comisión elabora informes periódicos en canto á aplicación das directrices establecidas na Carta. Baseándose neses resultados, concretando os obxectivos, vanse instaurar para a consecución dos fins perseguidos desenvolvidos na Carta da pequena empresa. Por iso a implicación comunitaria está cada vez máis presente para o logro final, que non é outro que cumprir os obxectivos establecidos para o ano 2010.

En xaneiro do 2004 publicouse a proposta de directiva sobre os servizos no mercado interior, que procede da DG de Mercado Interior, encabezada polo comisario Frits Bolkestein. O 4-04-2006, esta proposta foi modificada polo Parlamento e polo Consello Europeo e presentada pola Comisión Europea aos

estados membros. A consecución dos logros establecidos nesta preténdese conseguir antes do 2010.

Obxecto da proposta da Comisión:

- Mellorar a base do crecemento económico e do emprego na UE.
- Lograr un auténtico mercado interior dos servizos, eliminando os obstáculos xurídicos e administrativos ao desenvolvemento das actividades de servizos.
- Reforzar os dereitos dos consumidores como usuarios de servizos.
- Establecer obrigas xuridicamente vinculantes para unha cooperación administrativa eficaz entre os estados membros.

Na modificación da proposta faise fincapé no gran número de obstáculos que impiden ou frean o desenvolvemento dos servizos entre os estados membros e especialmente dos servizos prestados polas pemes. A orixe destas barreiras é o feito de que hai un exceso de trámites administrativos e unha gran falta de confianza recíproca entre os estados membros. O mercado interior implica un espazo sen fronteiras no que estean garantidas a liberdade de prestar servizos e a liberdade de establecemento. A eliminación de barreiras que obstaculizan o desenvolvemento das actividades de servizos entre os estados membros é un medio esencial de reforzar a integración entre os pobos de Europa e de fomentar un progreso económico e social equilibrado e sostible. Na directiva, o concepto de "servizo" inclúe actividades enormemente variadas e en constante evolución, entre as cales sinalan os servizos destinados ás empresas, servizos de asesoramento sobre xestión, servizos de certificación e de ensaio, de mantemento, de mantemento de oficinas, servizos de publicidade ou relacionados coa contratación de persoal ou os servizos de axentes comerciais. O concepto de servizo inclúe tanto aqueles destinados ás empresas coma os consumidores ou os servizos de asesoramento xurídico ou fiscal. Todas estas actividades poden constituír ao mesmo tempo servizos que requiran unha

proximidade entre prestador e destinatario, servizos que implican un desprazamento do destinatario ou do prestador e servizos que se poidan prestar a distancia, mesmo a través de Internet.

Todo isto reflíctese ao longo do articulado, especialmente no capítulo II (artigos 5-6-7-8), no capítulo III (artigo 22) e no artigo 26, correspondente ao capítulo III¹⁰.

A presente directiva fai fincapé en que, nun prazo máximo de tres anos despois da entrada en vigor desta, se ha de poder acudir aa xanela único empresarial como punto de contacto no cal se dará asesoramento e información. Ademais disto, co mesmo prazo (prazo máximo de tres anos desde a entrada en vigor da directiva) preténdese poder chegar a realizar todos os trámites por vía telemática.

2.2 As xanelas únicas empresariais en Europa.

Evolución en Europa:

O desenvolvemento da idea das xanelas únicas empresariais cobra un maior impulso a raíz dos proxectos BEST, convenio de Ámsterdan 1997, concretamente no denominado proxecto "procedementos administrativos para a creación de empresas", o obxectivo fundamental do cal é axudar os estados membros da UE a establecer puntos de referencia xerais en relación coa creación de novas empresas e prestarlles asistencia aos estados membros para mellorar o proceso de creación de empresas. A finalidade é a mellora da eficiencia administrativa mediante as VUE e a fixación de prazos de resposta regulamentaria.

A adaptación dos sistemas de xanela único empresarial en cada país depende de diversos aspectos, tales como: organismos privados ou públicos, procedementos diferentes adaptados á lexislación de cada país, etc., que

¹⁰ Anexo I

forman parte do marco político e administrativo destes. Como consecuencia das diferentes estruturas internas de cada estado membro e países participantes, apreciamos niveis moi diferentes de desenvolvemento respecto ao proxecto.

Nota: *as análises de cada un dos países que seguen a continuación realizáronse baseándose en informes oficiais da Comisión Europea en inglés e en francés, de aí que as traducións de figuras xurídicas e organismos oficiais, aparezan reflectidas nos devanditos idiomas.*

ALEMAÑA

O obxectivo actual é reducir o tempo necesario para entrar no rexistro mercantil de 2 meses (pretensión requirida polo 70% dos rexistros comerciais en Alemaña) a 1 mes. A meta final é que en xaneiro do 2007 se estableza definitivamente o rexistro mercantil electrónico, que reducirá a 24 horas o tempo necesario para a alta, polo menos nos casos máis claros.

O 9 de xullo do 2003 iniciouse unha acción (*business-founder service for germans*) que implica as cámaras de comercio e industria, o banco *KFW*, oficinas públicas de emprego e corporacións para o desenvolvemento económico. O proxecto céntrase en tres áreas:

- Un portal designado para prover futuros empresarios e pemes coa información e os contactos necesarios para o inicio das súas xestións (www.Existenzgruender.de).
- *Business-founder days*: días designados para realizar consultas coas respectivas cámaras (comercio, industria, artesáns).
- Apoio de fondos do banco *KFW* (este proxecto está en fase piloto ata o 31 de marzo de 2005). Baseado na recomendación da cita no *Business-founder day*, un novo empresario pode recibir apoio activo para a

implementación do seu concepto de negocio. Este apoio provén do fondo social europeo e das contribucións do banco.

O portal común dos Länder federais <http://www.handelsregister.de> para a consulta de rexistros a través de Internet representa unha "plataforma de acceso" unitaria para a busca de información nos rexistros dos *Länder* federais xestionados en liña. Nos Länder que aínda non teñen un "servizo de información en liña", a través deste portal pódese acceder á correspondente páxina de información, ofrecendo deste modo a información necesaria sobre o grao de renovación e as persoas de contacto do *Land* respectivo. A busca neste portal é gratuíta; non obstante, para informacións do rexistro máis detalladas é necesario darse de alta no *Land* correspondente, xa que a información detallada é de pagamento. Nos *Länder* federais utilízanse dous sistemas informáticos diferentes, vinculados co portal de rexistros.

- ▶ [Baden-Württemberg](#)
- ▶ [Bayern](#)
- ▶ [Berlin](#)
- ▶ [Brandenburg](#)
- ▶ [Bremen](#)
- ▶ [Hamburg](#)
- ▶ [Hessen](#)
- ▶ [Mecklenburg-Vorpommern](#)
- ▶ [Niedersachsen](#)
- ▶ [Nordrhein-Westfalen](#)
- ▶ [Rheinland-Pfalz](#)
- ▶ [Saarland](#)
- ▶ [Sachsen](#)
- ▶ [Sachsen-Anhalt](#)
- ▶ [Schleswig-Holstein](#)

► [Thüringen](#)

AUSTRIA

Desde a entrada en vigor en 1999 da Lei para incentivar a posta en marcha das empresas (*Neugründungs-Förderungsgesetz*), producíronse moitas cambios positivos. Por exemplo, conseguiuase que se lles preste axuda ás novas empresas, permitindo reducións nos impostos aos que ten que facer fronte durante os doce primeiros meses despois de que a empresa estea totalmente formalizada.

Desde o 2002, a emenda da Lei de comercio introduce a posibilidade de poder rexistrar unha empresa, así como corrixir algúns datos erróneos, todo isto vía electrónica. Esta emenda fixo que no prazo de 6 días se poida rexistrar unha empresa en Austria. Ademais desta redución, tamén diminuíu o número de documentos que hai que entregar.

O rexistro de compañías a nivel nacional pódese levar a cabo a través do seguinte enderezo electrónico: www.help.gv.at. Así mesmo, estase a desenvolver a mesma idea en todos os estados da Federación.

En canto á redución de custos para poñer a funcionar unha empresa, a lei para incentivar a posta en marcha das empresas realizou, desde o 2000, reformas nos impostos aos que teñen que facer fronte as empresas.

Desde agosto do 2001, en Viena pódese rexistrar unha empresa a través de Internet. Esta innovación permite que máis de 70.000 emprendedores poidan operar na cidade e 12.000 persoas autónomas poidan cada ano emprender a súa carreira empresarial.

Ademais de poder realizar estas actividades a través de Internet, pódense realizar as seguintes:

- Rexistro e solicitude dunha empresa.

- Pedir ou anular a cita co técnico responsable.
- Cambio de sede social dentro de Viena.
- Rexistro doutras sucursais en Viena.
- Cambio de nome da compañía.
- Cesamento da empresa e as súas sucursais en Viena.

Os documentos que se requiren para facer estas xestións poden ben ser escaneados e enviados electronicamente, ben enviados por correo ordinario ou fax.

BÉLXICA

A composición administrativa de Bélxica obríganos a facer as seguintes distincións en canto á diversidade de mecanismos para levar a cabo a modernización e creación das empresas. Por iso temos que falar de tres rexións federais ben diferenciadas: Valonia, a rexión de Bruxelas capital e Flandres. Así mesmo, a continuación farase unha descrición do que se está a facer nun primeiro nivel; é dicir, a nivel federal.

Nivel federal:

A lei na cal se contempla a creación do *Data Bank for Enterprises (Banque-Carrefour des Enterprises BCE)*¹¹, modernización en canto ao rexistro de compañías e a creación das xanelas únicas empresariais, foi aprobada polo Parlamento o 16 de xaneiro de 2003, Decreto do 5 de febreiro de 2003. O 1 de xullo de 2003, tanto o BCE como as xanelas comezaron a súa andaina.

¹¹http://economie.fgov.be/enterprises/crossroads_bank/home_fr.htm

Coa creación do BCE, un número de identificación individual e a xanela único empresarial fíxose posible reducir o tempo requirido para poñer en marcha unha empresa, minimizando as formalidades administrativas.

O BCE destinaralle un número de identificación a cada empresa e a cada autónomo. Ademais, a este número de identificación asóciase a información necesaria de cada empresa ou autónomo (nome, enderezo, etc.), axudando os emprendedores a aforrar tempo, xa que non terán que informar dos seus datos a todos os departamentos do goberno. Polo tanto, os servizos públicos obterán deste banco de datos toda a información necesaria en vez de obtela directamente das compañías, o que minimiza a cantidade de información requirida a estas.

Ademais deste banco de datos, as xanelas únicas empresariais foron creados de xeito privado, sen fin lucrativo, e non público. Existen 10 xanelas únicas aprobados ata o 2003 e teñen unhas 240 delegacións ao longo de todo o país. Estas xanelas asumen as funcións das antigas *Chamber of Trade* e o *Trade Register* e, despois de recoller e comprobar a documentación da compañía, poden proceder a rexistrala no *Data Bank for Enterprises* (BCE). Ademais do rexistro oficial, as xanelas únicas poden realizar outras funcións para o empresario, como solicitar o número VAT¹², realizar o rexistro na seguridade social e asistir na solicitude doutros permisos, subvencións e rexistros.

Rexión de Valonia:

En Valonia, a creación do portal <http://creation-pme.wallonie.be> foi moi importante á hora de dar información actualizada sobre os procedementos necesarios para comezar e poñer en marcha unha empresa. Está operativa desde finais do 2002 e tivo unha acollida moi boa entre os círculos profesionais, os cales aprecian a relevancia da información que alí se atopa e a súa exhaustividade. A creación deste portal está considerada como unha "boa práctica" pola Comisión Europea, á cal non referimos no desenvolvemento correspondente ás "boas prácticas" reflectido no punto 2.3 do presente informe.

¹² IVE

Rexión de Bruxelas capital:

O 1 de xaneiro de 2003, e dentro do marco de apoio ás pequenas e medianas empresas, foi creado a Brussels *Enterprise Agency* (ABE). Esta axencia de información está designada como un punto de doado acceso para as pemes e os autónomos que queren atopar respostas ás súas preguntas a través dun interlocutor rápido e de doado acceso. Esta axencia encamiñárase á simplificación administrativa á hora de iniciar procedementos consultivos e a simplificar os procesos para obter documentos electrónicos, mediante un sitio de Internet¹³, o cal funciona desde mediados do 2003. En cifras, pódese mencionar que, desde a súa creación e ata a data do último informe, distribuíron ao redor de 2.500 "paquetes" de información sobre como empezar un negocio, e 800 empresas, das cales 250 eran de nova creación, recibiron axuda individual.

Rexión de Flandres:

Na comunidade flamenga, as autoridades están a continuar os seus esforzos para reducir os custos administrativos a través do desenvolvemento dun rexistro para as compañías. Para iso creáronse The Flander *Economy Centres* (SDR-VIZO)¹⁴, provisto de oficinas físicas onde os emprendedores poden informarse sobre todos os aspectos que ter en conta á hora de crear unha empresa.

En canto á baixada dos custos á hora de crear unha empresa, no marco legal do decreto do Goberno flamengo do 16 de marzo de 2004 lanzouse un programa, "*Gratis Opstart*" (www.vlaanderen.be/gratisopstart), para a gratuidade do rexistro dunha nova empresa. A rexión flamenga paga o custo dos requisitos para dar de alta unha empresa nunha xanela única empresarial

¹³<http://www.abe.irisnet.be>

¹⁴<http://www.ondernemen.vlaanderen.be>

autorizado ata un máximo de 300 €, que se entregan en cheques dun valor de 10 € cada un.

CHIPRE

A *Company Law the Chipre* modificouse para harmonizala coas directivas da UE. O procedemento de rexistro realizado polo *Department of Rexistrar of Companies and Official Receiver* modificouse tamén de acordo coa lei, cuxas medidas máis importantes de cara á pequena empresa son:

- As compañías privadas dun só membro poden ter un director que sexa á súa vez o secretario.
- A simplificación na entrega de contas ao *Rexistrar of Companies*. Todas as pemes que satisfán certos criterios son eximidas do requisito dunha auditoría e, consecuentemente, de completar as contas que auditar no rexistro.

Grazas a estas medidas, houbo un incremento significativo no número de compañías rexistradas en Chipre e no rexistro de marcas rexistradas e patentes a través de rutas nacionais, europeas e internacionais. Ademais, avanzouse considerablemente no proceso de automatización do *Department of* http://www.mcit.gov.cy/mcit/drcor/drcor.nsf/index_gr/index_gr?openDocumentR existrar, o que tivo un grande impacto para examinar os documentos dunha compañía e, especificamente, para o rexistro de compañías.

O departamento de rexistro de empresas ofreceulle durante moitos anos os seus servizos ao mundo do comercio e da industria. Cada vez é máis importante o papel que desempeña no mundo empresarial. É o responsable de manter o rexistro de empresas, sociedades, etc...; e o obxectivo principal é manter a economía de Chipre e informar periodicamente sobre o estado de organizacións comerciais. Esta meta conséguese ao proporcionar a información concreta e oportuna para a estrutura de negocios certificados e o seu estado financeiro. Un dos obxectivos principais para que a economía dun país avance é a simplificación administrativa: "redución de proceso regulador e administrativo", todo iso é necesario para salvagardar o funcionamento eficaz do mecanismo de mercado e abordar fracasos de mercado. O impacto

acumulativo de regulacións pode implicar gastos económicos, procedente principalmente das cargas excesivas administrativas impostas a empresas. En Chipre, o número de pemes é moi elevado, de aí que as prioridades principais de política se baseen en elaborar un marco legal efectivo cuxo destino final sexa axudar as empresas de nova creación simplificando os procedementos administrativos.

O departamento do secretario de compañías é responsable, entre outras cousas, de gardar o rexistro de compañías, sociedades, nomes de negocio, marcas comerciais, as patentes e os deseños industriais, e é tamén o responsable de administrar as características de persoas legais e naturais insolventes.

A finalidade do *Department of Registrar of Companies and Official Receiver (DRCOR)* é manter a economía de Chipre; isto conséguese proporcionando a información correcta e oportuna para a estrutura de negocios rexistrados e do seu estado financeiro.

A *DRCOR* comprende un amplo marco de competencias agrupadas en seccións. de entre a cales destacamos:

- a) A sección das compañías ocúpase do rexistro, carta recordatoria de sociedades e dos nomes dos negocios.
- b) A sección das liquidacións ocúpase do recibo e da administración de activos.
- c) A sección da propiedade intelectual e industrial ocúpase das marcas comerciais, patentes e materias da característica intelectual.

As funcións do departamento son primordiais, especialmente no campo dos servizos. Serven a unha gran cantidade de avogados e de contables as oficinas que empregan hoxe millares de persoas. O departamento ofrece servizos ao sector comercial e financeiro da economía. Hai hoxe sobre 155.000 organizacións rexistradas (as compañías, sociedades, nomes de negocios). O

departamento tamén desempeña un papel principal na protección da característica intelectual en Chipre e coa emenda da lexislación relevante anima á creación de traballos orixinais en todos os campos da característica intelectual.

O departamento ofrece rapidamente servizos de alta calidade ao público, mentres que o persoal está sempre disposto a servir e a dar explicacións e información a todos.

DINAMARCA

No ano 2000, o tempo medio necesario para rexistrar unha compañía reducírase a 7 días de media.

Desde xuño do 2004, o *Danish Commerce and Companies Agency* (DCCA) foi a autoridade para rexistrar toda a información básica para os negocios. O DCCA (www.eogs.dk) desenvolveu ferramentas de tecnoloxía da información e a comunicación para que as compañías limitadas se poidan autorrexistrar por internet. Os empresarios só teñen que realizar unha entrada de toda a documentación e o DCCA encárgase do rexistro dos datos, tendo que levar algúns casos en coordinación con outras autoridades (*Central Customs and Tax Administration*).

O DCCA é responsable da lexislación relacionada coa actividade empresarial, tanto suxeita a Dinamarca como en todo o referente á Unión Europea, é dicir, é a autoridade competente en relación coa lexislación da Unión Europea na área de dereito de negocios, incluíndo a contabilidade e a revisión. O DCCA representa o Ministerio danés de Asuntos de Negocio e Económicos nas reunións de grupo de funcionamento do Consello Europeo. Unha das finalidades principais de todo rexistro é que ha de ser rápido e eficaz; o DCCA cumpre todas estas premisas e ademais pretende ser coidadoso e proporcionar unha alta calidade. *Webreg* (www.webreg.dk) é unha de moitas solucións

dixitais no DCCA, entre as que sinalamos o rexistro directo a través da web de compañías limitadas ou o sistema *Revireg* para o rexistro de sinaturas de contabilidade e contables. Esta é unha das tarefas principais do DCCA: subministrar información sobre negocios.

O DCCA é o centro do Rexistro Central de negocio (CVR), que é o rexistro central que contén datos primarios sobre todos os negocios en Dinamarca, independentemente da estrutura económica e de organización. CVR tamén cobre tanto negocios públicos coma privados e contén a información detallada sobre todas as empresas limitadas, incluíndo informes fiscais, dirección e a información financeira e o estado, etc. Toda esta información está dispoñible para poder ser descargada desde o portal mencionado con anterioridade.

Unha das finalidades do Goberno danés é a redución de cargas administrativas sobre negocios. O comercio danés e a Axencia de Empresas (DCCA) son responsables de medir as cargas administrativas de toda a regulación existente de negocio. As medidas son realizadas usando o Modelo de Custo Estándar AMVAB, e eles cobren cargas administrativas que conteñen esixencias nacionais así como internacionais. Os resultados son usados por cada ministerio de forma individual, para identificar áreas para a simplificación e contribuír ao obxectivo de redución do 25% (o obxectivo é a redución do 25% no 2010). Os esforzos para simplificar a regulación existente de negocio son complementados por esforzos cara á aseguración da calidade de nova regulación. O DCCA é responsable de realizar avaliacións de impacto, que son conducidas usando o Modelo de Custo Estándar. Os resultados son usados para avaliar se a regulación preliminar pode ser mellorada ou para baixar as cargas sobre negocios.

Ademais dos esforzos nacionais de cara a reducir as cargas administrativas sobre negocios, o DCCA persegue obxectivos correspondentes internacionalmente e, en particular, no que concirne á Unión Europea. En canto a isto, o DCCA promove as avaliacións de impacto da lexislación da Unión

Europea preliminar e a simplificación da lexislación da Unión Europea existente.

ESLOVENIA

Estanse a facer esforzos para establecer o sistema dexanela única empresarial (VEM), o cal está composto de tres elementos:

- puntos de información,
- puntos de apoio
- e puntos de rexistro (e-VEM).

O *Ministry of the Economy* é responsable dos puntos de información¹⁵ e de apoio, que está aínda en fase de creación.

O concepto central do proxecto VEM é a simplificación dos procedementos de entrada e de cambio de estatus das empresas. As solucións tecnolóxicas, das que se encargan o *Ministry of the Information Society* e o *Government Center for Informatics* (CVI) deben ter en conta cal é a meta final do proxecto e adaptarse a ela.

Na preparación do *Action Plan for the Establishment of a Central Registration Point* *tivéronse* en conta as demandas e os comentarios de todas as institucións implicadas no proxecto co fin de garantir a coordinación entre as devanditas institucións, de tal forma que:

-Serán conservados todos os sistemas de información das institucións participantes, así como as súas respectivas competencias.

-Xunto cos puntos de acceso VEM, establecerase un punto central de rexistro que se encargará de recibir as solicitudes, envalas ás institucións competentes e enviarlles aos solicitantes información e solucións. A través do punto central de rexistro, garantirase a comunicación electrónica cos distintos puntos de acceso onde se pode realizar unha solicitude.

¹⁵ <http://www.pcmg.si/index.php?root=4>

-Todas as solicitudes poden recibirse nun documento uniforme de solicitude, que será arquivado e poderá utilizarse para todos os procedementos dunha empresa ou particular.

-Pódese establecer unha base central de datos e documentación á que poidan acceder todas as institucións implicadas nun proxecto.

ESPAÑA¹⁶

A creación das xanelas únicas remóntase á Lei 30/1992 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a cal considera a posibilidade de que o cidadán presente as súas demandas, escritos ou comunicacións en calquera rexistro das diferentes administracións públicas. Estes xanelas únicas "tradicionais" (VU) teñen un carácter polivalente e a súa misión principal é iniciar os procedementos administrativos do carácter que sexa, con destino a calquera órgano da Administración pública. Un tipo específico de portelo, a xanela Único Empresarial (VUE), ten por obxecto o apoio aos emprendedores na creación de novas empresas, mediante a prestación de servizos integrados de tramitación e asesoramento empresarial. Aquí ofrécese información xeral sobre creación de empresas, ferramentas de orientación personalizada e titorizada sobre os trámites de cada proxecto empresarial, así como un sistema de seguimento individualizado dos trámites que se realicen para a posta en marcha dunha empresa.

FUNDAMENTOS DA XANELA ÚNICO EMPRESARIAL.

A xanela Único Empresarial fundaméntase nos seguintes instrumentos básicos:

- O Protocolo de colaboración para o desenvolvemento do proxecto "Portelo Único Empresarial", asinado o 26 de abril de 1999 polos ministros de Economía e Facenda, de Traballo e Asuntos Sociais e de

¹⁶ A información aquí mostrada, procede parcialmente da web www.vue.es.



Administracións Públicas e polo presidente do Consello Superior de Cámaras de Comercio, Industria e Navegación. Este protocolo está fundado, á súa vez, nos seguintes instrumentos:

O Proxecto "Portelo Único" do Ministerio de Administracións Públicas, que pretende facer realidade o propósito dunha Administración pública ao servizo obxectivo do cidadán, mediante a creación dun sistema interconectado de rexistros.

O Plan de Acción para o Emprego do Reino de España, cuxo obxectivo é, concretamente, a redución das cargas burocráticas con respecto á creación de empresas e apoiar un sistema interconectado de rexistros ou "portelo único" co fin de mellorar o asesoramento e tratamento das PYME.

O Real decreto 670/1999 (BOE do 7 maio), polo que se crea a Comisión Interministerial de Simplificación Administrativa, a prioridade da cal se sitúa naquelas "parcelas da actividade administrativa orientadas á creación de emprego e, en xeral, a todas aquelas áreas que redunden nun impulso da actividade económica".

O Plan de axilización e simplificación normativa para a competitividade da peme, do 29 de xullo de 1999, chamado a ser o vehículo dunha reforma estrutural imprescindible: a simplificación administrativa do ámbito empresarial.

O Protocolo de Colaboración para a Mellora dos "Xanelas únicas Empresariais", asinado o 10 de novembro de 1999 polos ministros de Xustiza e Administracións Públicas e polos presidentes do Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España, do Consello Xeral do Notariado e do Consello Superior de Cámaras de Comercio. Este protocolo supón a incorporación dos notarios e rexistradores as xanelas, para mellorar nestes, as xestións e trámites rexistrais e notariais.

É unha iniciativa conxunta de todas as administracións públicas (Administración Xeral do Estado, as comunidades autónomas, as administracións locais) e das

cámaras de comercio. En concreto, son parte activa no Programa Xanela Única Empresarial:

- [Administración General del Estado](#)
- [Ministerio de Justicia](#)
- [Ministerio de Hacienda](#)
- [Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales](#)
- [Secretaría de Estado de la Seguridad Social](#)
- [Ministerio de Administraciones Públicas](#)
- [Ministerio de Economía](#)
- [Dirección General de Política de la PYME](#)

Comunidades autónomas

- [Comunidad de la Región de Murcia](#)
- [Comunidad de La Rioja](#)
- [Comunidad de Madrid](#)
- [Generalitat Valenciana](#)
- [Gobierno de Aragón](#)
- [Gobierno de Canarias](#)
- [Gobierno de Cantabria](#)
- [Gobierno de Navarra](#)
- [Gobierno del Principado de Asturias](#)
- [Govern Balear](#)
- [Junta de Andalucía](#)
- [Junta de Castilla y León](#)
- [Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha](#)

Cabidos insulares

- [Cabildo de Gran Canaria](#)
- [Cabildo de Tenerife](#)

Cidades autónomas

- [Ceuta](#)
- [Melilla](#)

Concellos

- [Ayuntamiento de Albacete](#)
- [Ayuntamiento de Ávila](#)
- [Ayuntamiento de Burgos](#)
- [Ayuntamiento de Cartagena](#)
- [Ayuntamiento de Ciudad Real](#)
- [Ayuntamiento de Cuenca](#)
- [Ayuntamiento de Getafe](#)
- [Ayuntamiento de Guadalajara](#)
- [Ayuntamiento de Las Palmas de Gran Canaria](#)
- [Ayuntamiento de León](#)
- [Ayuntamiento de Logroño](#)
- [Ayuntamiento de Madrid](#)
- [Ayuntamiento de Miranda de Ebro](#)
- [Ayuntamiento de Murcia](#)
- [Ayuntamiento de Oviedo](#)
- [Ayuntamiento de Palencia](#)

- [Ayuntamiento de Palma de Mallorca](#)
- [Ayuntamiento de Pamplona](#)
- [Ayuntamiento de Salamanca](#)
- [Ayuntamiento de Santa Cruz de Tenerife](#)
- [Ayuntamiento de Santander](#)
- [Ayuntamiento de Segovia](#)
- [Ayuntamiento de Sevilla](#)
- [Ayuntamiento de Soria](#)
- [Ayuntamiento de Toledo](#)
- [Ayuntamiento de Valencia](#)
- [Ayuntamiento de Valladolid](#)
- [Ayuntamiento de Zamora](#)
- [Ayuntamiento de Zaragoza](#)

Cámaras de comercio

- [Cámara de Albacete](#)
- [Cámara de Ávila](#)
- [Cámara de Burgos](#)
- [Cámara de Cantabria](#)
- [Cámara de Cartagena](#)
- [Cámara de Ceuta](#)
- [Cámara de Ciudad Real](#)
- [Cámara de Cuenca](#)
- [Cámara de Guadalajara](#)

- [Cámara de La Rioja](#)
- [Cámara de Las Palmas](#)
- [Cámara de León](#)
- [Cámara de Madrid](#)
- [Cámara de Mallorca, Ibiza y Formentera](#)
- [Cámara de Miranda de Ebro](#)
- [Cámara de Murcia](#)
- [Cámara de Navarra](#)
- [Cámara de Oviedo](#)
- [Cámara de Palencia](#)
- [Cámara de Salamanca](#)
- [Cámara de Santa Cruz de Tenerife](#)
- [Cámara de Segovia](#)
- [Cámara de Sevilla](#)
- [Cámara de Toledo](#)
- [Cámara de Valencia](#)
- [Cámara de Valladolid](#)
- [Cámara de Zamora](#)
- [Cámara de Zaragoza](#)
- [Consejo Superior de Cámaras de Comercio, Industria y Navegación de España](#)

Os convenios específicos para a posta en marcha de cada un dos distintas xanelas únicas empresariais son os seguintes:

- Convenio do 25 de maio de 1999, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Valladolid.
- Convenio do 4 de novembro de 1999, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Palma de Mallorca.
- Convenio do 21 de decembro de 1999, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Santa Cruz de Tenerife.
- Convenio do 21 de decembro de 1999, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial das Palmas de Gran Canaria.
- Convenio do 16 de febreiro de 2000, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Madrid.
- Convenio do 16 de febreiro de 2000, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Xetafe.
- Convenio do 25 de setembro de 2000, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Burgos.
- Convenio do 5 de outubro de 2000, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Murcia.
- Convenio do 31 de outubro de 2000, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Oviedo.
- Convenio do 17 de xullo de 2001, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Zamora.
- Protocolo do 11 de setembro de 2001, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Navarra.
- Convenio do 20 de novembro de 2001, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Segovia.
- Protocolo do 5 de decembro de 2001, para o desenvolvemento do proxecto en Castilla-La Mancha e Convenio do 5 de decembro de 2001, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Toledo.

- Convenio do 15 de decembro de 2001, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Sevilla.
- Convenio do 20 de decembro de 2001, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Valencia.
- Convenio do 10 de setembro de 2002, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Ávila.
- Convenio do 11 de setembro de 2002, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Zaragoza.
- Convenio do 5 de decembro de 2002, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Cartaxena.
- Convenio do 10 de decembro de 2002, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Salamanca.
- Convenio do 12 de decembro de 2002, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Cidade Real.
- Convenio do 17 de decembro de 2002, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Albacete.
- Convenio do 24 de xaneiro de 2003, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Miranda de Ebro.
- Convenio do 1 de abril de 2003, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Cuenca.
- Convenio do 1 de abril de 2003, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de León.
- Convenio do 2 de abril de 2003, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Santander.
- Convenio do 3 de abril de 2003, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Guadalaxara.

- Convenio do 23 de xaneiro de 2004, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Ceuta.
- Convenio do 3 de febreiro de 2004, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Melilla.
- Convenio do 12 de febreiro de 2004, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Palencia.
- Convenio do 1 de marzo de 2004, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial da Rioxa-Logroño.
- Convenio do 26 de febreiro de 2004, polo que se pon en marcha a xanela Único Empresarial de Soria.

A xanela Único Empresarial pon á disposición do cidadán os centros presenciais de tramitación e de asesoramento integral ao emprendedor, e ata o momento operan trinta e un xanelas únicas empresariais, en Valladolid, Palma de Mallorca, Santa Cruz de Tenerife, As Palmas de Gran Canaria, Madrid, Xetafe, Burgos, Murcia, Oviedo, Zamora, Navarra, Segovia, Toledo, Sevilla, Valencia, Ávila, Zaragoza, Cartaxena, Salamanca, Cidade Real, Albacete, Miranda de Ebro, Cuenca, León, Santander, Guadalaxara, Ceuta, Melilla, Palencia, A Rioxa-Logroño e Soria. Os seus datos de localización pódense consultar no seguinte enderezo electrónico:

<http://www.ventanillaempresarial.org/oficinas.htm>

O Programa Xanela Única Empresarial materializouse na constitución de espazos únicos integrados de tramitación e asesoramento empresarial, situados nas cámaras de comercio, nos que os interesados na creación e posta en marcha dunha empresa reciben:

- Orientación sobre o proxecto empresarial (medios de financiamento, posibles formas xurídicas, axudas á creación de empresas, requisitos e

trámites necesarios). Facílitaselles a tramitación, achegando a Administración ao cidadán. Nun só espazo físico, é posible realizar os trámites necesarios para a posta en marcha dunha empresa cuxa competencia lle corresponde a Facenda, á Tesouraría da Seguridade Social, á Comunidade Autónoma e ó Concello.

- Informar e orientar o emprendedor. O emprendedor recibe un asesoramento integral nos diversos aspectos que comporta a creación dunha empresa: sobre os trámites necesarios para a constitución de empresas, sobre as posibles formas xurídicas, os medios de financiamento, as axudas e subvencións públicas para a creación de empresas e o autoemprego.

Todas estas áreas de atención ao emprendedor (Información e Direcciónamento, Asesoramento e Tramitación) satisfán as demandas de información e de tramitación. Técnicos expertos en cada materia encárganse de asegurar a axilidade na realización dos trámites e un servizo de asesoramento personalizado.

Desde xuño de 1999, data de creación da primeira VUE, ata o 31 de decembro de 2005, as xanelas únicas empresariais facilitaron a creación de máis de 36.500 empresas (empresas definitivamente creadas e en fase de tramitación) e atenderon máis de 162.000 persoas interesadas na posta en marcha dunha nova actividade empresarial. No enlace que se ofrece a continuación detállanse, mediante gráficas, as cifras de creación de empresas nas xanelas únicas empresariais en España:
http://www.ventanillaempresarial.org/docum_vues/datos_VUEs_31dic05.pdf

Nunha segunda fase de desenvolvemento, e co obxecto de garantir a máxima accesibilidade e alcance do servizo, a xanela Único Empresarial incorpórase a Internet. De tal forma que en outubro de 2002 se puxo en marcha este servizo, a través do cal se ofrece asesoramento para a creación de empresas. Nace así

a xanela Único Empresarial Virtual¹⁷, o cal podería dicirse que é un proceso de redefinición da xanela Único, polos seguintes motivos:

- Imposibilidade de expansión indefinida dos centros presenciais.
- Discriminación polo ámbito; é dicir, os entes locais quedan excluídos.
- Custos de apertura e mantemento de centros.
- Elevada dedicación de recursos humanos.
- Demanda de atención multicanle.
- Necesidade de coordinación.

Neste espazo virtual pódense atopar os seguintes servizos:

- Directorio de servizos
- Guías de trámites
- Impresos
- Guías de axudas.

O Portal XANELA ÚNICA EMPRESARIAL VIRTUAL ofrécelle un servizo integral ao emprendedor, onde se inclúen:

- Ferramentas de asesoramento: abrangue toda a información xeral sobre os diversos aspectos que leva consigo a creación de empresas e información personalizada e titorizada sobre os trámites de cada proxecto empresarial.
- Ferramentas de tramitación: consistentes nun sistema personalizado en canto ao seguimento de trámites e, nun futuro moi próximo, a utilización dun sistema electrónico de realización de trámites, así como un sistema de axuda en liña.

¹⁷<http://www.vue.es>



É un programa de simplificación administrativa das condicións para a creación de empresas, impulsado conxuntamente polos tres niveis das administracións públicas (Administración Xeral do Estado, comunidades autónomas, administracións locais) e as cámaras de comercio.

PROXECTO "NOVA EMPRESA"

É importante recoñecer o papel que desempeñan as xanelas únicas empresariais, pero é necesario dar un paso máis adiante no concernente á simplificación real dos trámites para crear unha empresa e na axilización destes a través da utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), o que se está a levar a cabo a través do Proxecto "Nova Empresa" da Dirección Xeral de Política da Peme (DGPYME).

O concepto de "Nova Empresa" pretende recoller unha serie de formulacións demandadas polos empresarios desde hai tempo, especialmente no relacionado coa simplificación de trámites, esixencias e outros aspectos.

O proxecto Nova Empresa supón o establecemento do Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE) e dun réxime xurídico que estimule a creación de empresas dunha forma áxil e en consonancia coas necesidades dos empresarios que inician unha actividade empresarial, á vez que establece un sistema de contabilidade simplificada acorde coa dimensión destas sociedades e as dispoñibilidades dos emprendedores. O obxectivo desta nova forma xurídica de empresa, a Sociedade Limitada Nova Empresa (SLNE) consiste en facilitar a formación de empresas reducindo tempo e gastos de constitución, un dos factores clave para o incentivo na constitución de sociedades e acorde coas características dos pequenos emprendedores.

A SLNE é unha nova forma xurídica de empresa creada ao abeiro da Lei 7/2003, do 1 de abril, pola que se modifica a Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada. Unha consecuencia directa disto é que as empresas que se constitúen baixo a condición xurídica de persoa física, principalmente traballadores autónomos, optan por esta nova forma xurídica

posto que acurta os prazos de constitución e permite a separación do patrimonio persoal do empresarial.

Outra das novidades en canto aos trámites para constituíla é que se poden realizar tanto polo procedemento utilizado habitualmente (presencial), coma polo procedemento telemático.

Mediante este último, evítanse desprazamentos innecesarios, xa que soamente é precisa a visita a un Punto de Asesoramento e Inicio de Tramitación (PAIT) e ao notario para o outorgamento da escritura pública de constitución.

Os elementos esenciais deste tipo de tramitación son: por unha parte o Documento Único Electrónico (DUE), no que se recollen, nun só formulario, todos os datos que son requiridos polas administracións e rexistros para o proceso de constitución e inicio da actividade, e, por outra, o Sistema de Tramitación Telemática, mediante a aplicación PACDUE, cúmprese no PAIT o Documento Único Electrónico, e o sistema envía a cada un dos organismos e rexistros implicados no proceso de constitución.

En canto ao procedemento presencial, o socio ou os socios fundadores deberán realizar os trámites para obter a denominación social da Nova Empresa. Os trámites posteriores son os mesmos que os contemplados para a Sociedade limitada.

PAIT

Ademais, para poñer en marcha as iniciativas empresariais, préstaselles asesoramento e servizos aos emprendedores, a través do Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE), anteriormente citado, o cal está constituído por unha rede de Puntos de Asesoramento e Inicio de Tramitación (PAIT). Son oficinas dependentes das administracións públicas, entidades públicas e privadas (Lei 30/2006, do 29 de decembro), así como de colexios profesionais, organizacións empresariais e cámaras de comercio (Real decreto 682/2003, do 7 de xuño). Tamén poderían realizar funcións de PAIT os centros de Xanela Única Empresarial (VUE). Para que unha entidade poida

constituírse en PAIT, debe asinar previamente un convenio co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.¹⁸

O PAIT ten unha dobre misión:

- Prestarlles servizos presenciais de información e asesoramento aos emprendedores na definición e tramitación telemática das súas iniciativas empresariais, así como durante os primeiros anos de actividade da Sociedade Limitada Nova Empresa.
- Iniciar o trámite administrativo de constitución da sociedade a través do Documento Único Electrónico (DUE). Este documento está concibido para agrupar todos os trámites necesarios para a constitución das sociedades que se acollan ao Estatuto da Nova Empresa. O DUE reduce notablemente tanto os formularios que deben cumprirse, como o número de visitas que realizar polo emprendedor, e a súa natureza é electrónico-telemática¹⁹.

Segundo datos estatísticos de creación de empresas²⁰, estes indican que se están a producir importantes reducións nos prazos de tramitación telemática, onde o tempo medio total entre a entrada no PAIT en liña e a obtención do CIF definitivo é de 12,4 días.²¹

PROGRAMA TUTELA

Co obxecto de contribuír á consolidación das empresas, a Dirección Xeral de Política da Peme subscribiu un convenio con EOI, Escola de Negocios, para desenvolver un Programa de titorización e acompañamento ás SLNE constituídas telematicamente, denominado TUTELA.

O programa ofrecerá ás empresas seleccionadas a oportunidade de contar cun asesoramento persoal durante os primeiros meses para que lles axude a

¹⁸ <http://www.circe.es/portal/>

¹⁹ Terceiro informe de execución da Carta europea das pequenas empresas.

²⁰ <http://www.circe.es>

²¹ Quinto informe de execución da Carta europea das pequenas empresas.

consolidar o seu negocio. Este asesoramento será prestado por profesionais con grande experiencia da EOI.

O programa está integramente financiado polo Fondo Social Europeo, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a propia Dirección Xeral de Política da Peme, polo que será gratuíto para os participantes nel.

Para o presente ano xa se realizou a selección das empresas que se beneficiarán do programa TUTELA. Esta iniciativa continuará no 2007, e, para calquera consulta, poden dirixirse ao PAIT máis próximo.

En concreto, e no que corresponde a Galicia, preséntase a relación de PAITS.

	Provincia	Organismo	PAIT	Horario
GALICIA	A CORUÑA	Igape (Instituto Galego de Promoción Económica)	Oficina Territorial do Igape A Coruña	Horario (de xuño a setembro): de 8:00 a 15:00 h
GALICIA	A CORUÑA	CEC (Confederación de Empresarios de La Coruña)	CEC (Confederación de Empresarios de La Coruña)	Horario (desde o 1 de xuño ata o 30 de Setembro): de 8:00 a 15:00 h Peche: do 31 de xullo ao 20 de agosto
GALICIA	A CORUÑA	CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DA CORUÑA	CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA	Horario: de 9:00 a 14:00 h Peche: mes de agosto
GALICIA	A CORUÑA	Igape (Instituto Galego de Promoción Económica)	Oficina Territorial do Igape en Ferrol	Horario (de xuño a setembro): de 8:00 a 15:00 h
GALICIA	A CORUÑA	Cámara de Comercio de Ferrol	Cámara de Comercio de Ferrol. Sede central	Peche: mes de agosto
GALICIA	A CORUÑA	Cámara de Comercio de Ferrol	Sede Viveiro de Empresas promovido pola Cámara	Horario (de xuño a setembro): de 8:30 a 14:30 h Peche: do 3 ata o 22 de agosto
GALICIA	A CORUÑA	Igape (Instituto Galego de Promoción Económica)	Oficina Territorial Igape Santiago de Compostela	Horario (de xuño a setembro): de 8:00 a 15:00 h
GALICIA	A CORUÑA	Cogami (Confederación Galega de Minusválidos)	Cogami	Horario (en xullo): de 8:30 a 15:00 h Peche: mes de agosto
GALICIA	A CORUÑA	Cámara de Comercio de Santiago	Cámara de Comercio de	Horario (de xullo a setembro): de 9:00 a

			Santiago. Viveiro de Empresas	15:00 h
GALICIA	LUGO	CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE LUGO	CÁMARA DE COMERCIO DE LUGO	Horario: de 8:00 a 15:00 h Peche: mes de agosto
GALICIA	LUGO	Igape (Instituto Galego de Promoción Económica)	Oficina Territorial do Igape en Lugo	Horario (de xuño a setembro): de 8:00 a 15:00 h
GALICIA	LUGO	Concello de Lugo	Centro de Empresas e Innovación - CEI	Horario: de 8:30 a 14:30 h
GALICIA	LUGO	Fundación CEL - Iniciativas por Lugo	Fundación CEL - Iniciativas por Lugo	Horario: de 9:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h
GALICIA	OURENSE	Igape (Instituto Galego de Promoción Económica)	Oficina Territorial do Igape en Ourense	Horario (de xuño a setembro): de 8:00 a 15:00 h
GALICIA	OURENSE	Deputación de Ourense	Deputación Provincial de Ourense	Horario: de 8:30 a 14:30 h
GALICIA	OURENSE	CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO E INDUSTRIA DE OURENSE	CÁMARA DE COMERCIO DE OURENSE. SEDE CENTRAL	Info non dispoñible
GALICIA	OURENSE	CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO E INDUSTRIA DE OURENSE	Viveiro de Empresas Cámara de Ourense	Info non dispoñible
GALICIA	PONTEVEDRA	Igape (Instituto Galego de Promoción Económica)	Oficina Territorial do Igape en Pontevedra	Horario (de xuño a setembro): de 8:00 a 15:00 h
GALICIA	PONTEVEDRA	AJE Pontevedra (Asociación de Jóvenes Empresarios)	AJE Pontevedra (Asociación de Jóvenes Empresarios)	Horario (do 15 de xuño ao 15 de setembro): de 8:00 a 15:00 h
GALICIA	PONTEVEDRA	Igape (Instituto Galego de Promoción Económica)	Oficina Territorial do Igape en Vigo	Horario (de xuño a setembro): de 8:00 a 15:00 h
GALICIA	PONTEVEDRA	AJE Vigo (Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia)	AJE Vigo	Peche: mes de agosto
GALICIA	PONTEVEDRA	Cámara de Comercio de Vigo	Cámara de Comercio de Vigo	Horario (do 15 de xuño ao 15 de setembro): de 9:00 a 15:00 h

LEI DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA



Seguen en activo as políticas que se dirixen a facilitar o camiño para a creación de novas empresas en España e, en especial, impulsar o desenvolvemento dun novo modelo para as relacións entre os cidadáns e a Administración pública. Exemplo diso é a Lei de Administración electrónica, a cal recolle a configuración dunha "rede de espazos comúns de atención ao cidadán, que suporá no futuro que os cidadáns poidan acceder a un acervo crecente de servizos normalizados de presentación de documentos, información e xestión, con dúas importantes particularidades: por unha parte, que o conxunto de servizos que prestar corresponderá aos diversos niveis administrativos existentes no noso país (estatais, autonómicos e locais). Por outra parte, que o cidadán poderá acceder aos devanditos servizos a través dunha rede de oficinas integrais a titularidade das cales lles corresponderá ás distintas Administracións públicas, ou ben por medio doutras canles postas á súa disposición (o teléfono, Internet, os dispositivos móbiles...)"²².

En concreto, e para o tema que nos interesa, entre outras cousas, preténdese así optimizar, en beneficio do cidadán, a pluralidade de administracións públicas sobre o territorio, de maneira que, lonxe de supoñer unha carga sucesiva, se converta nun factor de progreso e competitividade. Estas concepcións foron, desde hai anos, obxecto de desenvolvementos concretos nunha serie de iniciativas como as xa mencionadas. Tales iniciativas son claros exemplos de como se pode xuntar a vontade e a acción de administracións distintas cunha orientación de servizo ao cidadán; non obstante, o alcance de ambos os dous proxectos é por agora limitado. No primeiro caso, porque o cidadán só pode presentar escritos, comunicacións e solicitudes no seu concello, sen que poida obter información e asistencia previa nin de aí se siga unha maior implicación deste no resto do procedemento. No segundo caso, porque a xanela único empresarial, sendo un indubidable avance, serve a un ámbito reducido da cidadanía e se atopa con serias dificultades para

²² Resolución do 19 de xullo de 2005, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se dispón a publicación do Acordo do Consello de Ministros do 15 de xullo de 2005, para a implantación dunha Rede de Oficinas Integradas de Atención ao Cidadán en colaboración coas comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local. BOE 03-08-2005

constituírse como servizo universal ao alcance de todos os emprendedores de calquera localidade. Finalmente, e polo que se refire ao terceiro dos casos, porque só afecta a unha forma societaria –a Sociedade Limitada Nova Empresa–, sen que as súas vantaxes se estendan ás restantes. O que se pode propoñer agora é dar un paso máis alá e, partindo do modelo actual de xanela única, articular unha rede de espazos administrativos comúns sobre os seguintes principios, entre outros: incrementar a colaboración coas cámaras de comercio, industria e navegación, potenciando a actual rede de xanelas únicas empresariais, mediante a súa integración na rede de oficinas, e explorar vías de colaboración con outras corporacións de dereito público, como os colexios profesionais²³.

ESTONIA

O reto máis importante é facer posible que a solicitude de rexistro dunha compañía se poida facer por vía electrónica²⁴. Espérase que, entre os anos 2005-2006, os notarios poidan enviar electronicamente os seus documentos ao departamento de rexistros. En marzo do 2004, a *Chamber of Notaries*, coa colaboración do *Ministry of Justice Centre of Registers*, iniciaron o proxecto *e-notary*, co propósito de elaborar software para o intercambio electrónico de documentos entre notarios e rexistros. Desde o 2002, as compañías, asociacións comerciais e fundacións poden enviar os seus informes financeiros anuais electronicamente e usando sinaturas dixitais.

Para apoiar a creación de novas empresas, ofrécense subvencións, créditos e acceso a formación e consultas.

Desde finais do 2001, *Enterprise Estonia* ofrece un *Start-up Support Programme*, a meta do cal é apoiar e incentivar a creación de novas empresas. No caso dos proxectos que parecen realizables, o programa proporciona apoio

²³ Resolución do 19 de xullo de 2005, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se dispón a publicación do Acordo do Consello de Ministros do 15 de xullo de 2005, para a implantación dunha Rede de Oficinas Integradas de Atención ao Cidadán en colaboración coas comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local. BOE 03-08-2005.

²⁴ <http://www.eer.ee/>



financeiro (10.200 €) e asistencia para analizar e preparar o plan de negocios. No 2003 concedéronse máis de 200 axudas. O programa está cofinanciado polos *Structural Funds* da EU.

Existe un subsidio, pagado polo *Public Employment Service*, para desempregados que están interesados en darse de alta como autónomos ou empezar un novo negocio. Este subsidio incrementouse en novembro do 2002 de 640 ata 1.280 €. Do mesmo xeito, en novembro do 2003, e cunha duración dun ano, lanzouse un proxecto ("*Implementing active measures, entrepreneurship training and subsidy for starting a business*") para testar a posibilidade de ofrecer máis diñeiro (1.920 €), axuda máis intensiva, e outras medidas activas para o subsidio dos solicitantes. Como resultado do proxecto, 39 desempregados empezaron a traballar de xeito autónomo e quedou claro que as persoas desempregadas tamén necesitan apoio intensivo despois de que se lles conceda o subsidio. Un total de 380 persoas beneficiáronse ao longo do 2003 destas medidas de apoio ao mercado laboral.

O rexistro de empresas foi creado baseándose na Regulación núm. 91, do 10 de maio de 1990, polo goberno da república, unha axencia estatal que traballa para o Ministerio de Xustiza. Tanto o centro de rexistros do Ministerio de Xustiza como infosistemas ofrecen servizos *on-line* baseados na base de datos central dos departamentos de rexistro de tribunais.

FINLANDIA

O encargado de coordinar as accións destinadas a facilitar a tarefa de establecer unha empresa é o *Ministry of Trade and Industry* (www.ktm.fi). Desde o 2002, e ata o 2007, estase a implementar un proxecto, *Entrepreneurship and Local Government*, o obxectivo do cal é establecer unha rede nacional composta de, polo menos, 50 puntos rexionais de contacto para empresas. As 53 rexións implicadas no proxecto comprométense a desenvolver a súa actividade centrándose no criterio de cooperación entre distintas organizacións: compañías rexionais de desenvolvemento, oficinas de

emprego, oficinas de desenvolvemento económico, novos centros de negocios e servizos privados para empresas.

Desde febreiro do 2002 está en funcionamento a web *The Enterprise Finland* (www.enterprisefinland.fi). É un servizo en liña que proporciona a información sobre as obrigas que teñen que ter en conta quen se queira establecer como unha empresa. Tamén proporciona a información sobre o financiamento público para empresas e outras fontes potenciais de financiamento especial.

Dentro deste portal, pódese atopar a seguinte información:

- Establecemento dun negocio.
- Financiamento público: axudas especiais.
- Contabilidade, impostos e revisión de contas.
- Obrigas e dereitos do empresario.

Así mesmo, os emprendedores poderán saber:

- Que requirimentos e permisos son necesarios para establecer un negocio.
- Cales son os diferentes tipos de impostos, dependendo do tipo de compañía.
- Se é posible obter algunha subvención pública para iniciarse no mundo empresarial.
- Que tipo de políticas laborais afectan aos empregados.
- Se hai algunha limitación en canto ás importacións.

Este portal é unha iniciativa creada polo *Ministry of Trade and Industry* e dirixido pola *SME Foundation*. Planéase ir incrementando os contidos e servizos deste portal. Todas as rexións participan para lanzar a nivel nacional o servizo en liña para emprendedores, para todos aqueles que queiran dar de alta unha empresa.

Ademais deste portal, existen os CHE centres²⁵, *Business Service Points*, son puntos de información que constitúen o primeiro nivel de contacto co empresario. Están compostos por tres sectores administrativos: *Ministry of Trade and Industry*, o *Ministry of Agriculture e Forestry* e *Ministry of Labour*. Proporcionan os servizos directamente consultivos para emprendedores e os negocios que xa están en fase de arranque. Apoian e desenvolven a idea de negocio dos emprendedores, dan información sobre as posibles alternativas de financiamento ou subvención e que formalidades teñen que levar a cabo. Cada punto de información tamén proporciona os servizos do *National Board of Patents e Registration* e *The Innovation Agent* (*Consello Nacional de Patentes*, *Rexistro mercantil* e *Axente de Innovación*).

En marzo de 2004 púxose en marcha o *Sme Exchange* mantido polos *Finish Entrepreneurs en colaboración co Ministry of Trade and Industry*, organizacións de negocios, bancos, compañías de seguros e investidores. É un servizo aberto que inclúe información e servizos para adquirir unha empresa, e onde se poden buscar compañías por sector ou por área xeográfica.

Así tamén, debe mencionarse o proxecto *Kilpanet* (www.kilpanet.com), xa finalizado, o cal xerou unha base de datos con información sobre decisións estratéxicas para servizos municipais, ferramentas electrónicas para apoiar a toma de decisións e información para procuradores. A maioría da base de datos é gratuíta para as compañías e para as entidades procuradoras. Este proxecto levouse a cabo coa colaboración de varios ministerios, entidades locais e empresarios.

Desde o 1 de setembro de 2006, xa está en funcionamento a nova Lei de novas compañías (*New Companies Act*). Está encamiñada a facilitar os requisitos para poder establecer unha sociedade limitada (*limited liability*

²⁵ As direccións dos centros pódense consultar na seguinte páxina **web:** <http://www.te-keskus.fi>

company), apoiando así as medidas para fomentar o espírito empresarial en Finlandia²⁶.

FRANCIA

Desde algúns anos, estanse a levar a cabo diferentes medidas co fin de desenvolver o espírito empresarial en Francia. Esta idea concéntrase, principalmente, en dous aspectos:

- simplificación de procedementos administrativos
- e redución dos custos para iniciar a carreira empresarial.

Para o desenvolvemento do primeiro punto, deseñáronse medidas moi concretas, como a posta en marcha de certos procedementos telemáticos, a posibilidade de utilizar Internet para a creación de empresas, a desaparición de formularios "en papel", a posibilidade de pagar o imposto de sociedades por Internet e a posta en práctica dun único punto para ser o único interlocutor para as empresas.

Os "*Centres de formalités administratives*" (*CFE*).

Os *CFE* son creados a principios dos anos oitenta, e son o punto de encontro obrigatorio entre as empresas e a Administración e os organismos aos que se deben dirixir, co obxecto de presentar as súas declaracións xurídicas obrigatorias no referente á súa creación, as súas principais modificacións e á súa desaparición.

Nun mesmo lugar e nun só documento, pódense xuntar todos os documentos relativos á súa creación, a modificacións en torno á súa situación ou á cesión da súa actividade. A existencia destes centros afórralles aos empresarios a cantidade de formularios e trámites burocráticos ante os distintos organismos, e, polo tanto, os *CFE* aseguran o control formal e a transmisión das

²⁶<http://www.enterprisefinland.fi/liston/portal/page.jsp?r=5724&l=en/>

declaracións e xustificantes aos seus destinatarios. Ao poder centralizar todos os trámites nos *CFE*, a confidencialidade de todo o relativo a esta información está asegurada.

En resumo, podería dicirse que os *CFE* perseguen os seguintes obxectivos:

- Centralización das declaracións e formularios que presentar.
- Control formal dos documentos presentados.
- Transmisión dos diferentes formularios aos organismos destinatarios que garanten a súa validez.

Os órganos competentes que compoñen os *CFE* son: *Chambre de Commerce et d'Industrie*, *Chambre de métiers et de l'artisanat*, *Geffre du tribunal de commerce*, *Cámara d'Agriculture*, *Chambre nationale da batellerie artisanale*, *URSSAF* (son organismos privados, ao servizo dos servizos públicos, a misión da cal é o recobro das cotizacións da Seguridade Social e dos subsidios familiares), e, por último, *Centre des impôts*. Dependendo da forma xurídica da empresa, deberanse dirixir a un órgano ou ao outro²⁷. A competencia xeográfica dos *CFE* vai depender de onde se atope o seu "domicilio social".

En canto á materia de creación de empresas en liña, o recurso de Internet permite dar un paso decisivo para a posta en marcha dunha empresa. Desde mediados do 2002, o "*CFE*" en liña²⁸ permite, a través dunha declaración única, cumprir conxuntamente todos os trámites obrigatorios. A través deste servizo pódese ter acceso aos requisitos necesarios para dar de alta unha empresa, ás modificacións estatutarias da empresa ou á cesión das súas actividades.

²⁷ Para saber máis sobre este aspecto, pódese consultar a seguinte páxina:

<http://annuaire-cfe.insee.fr/AnnuaireCFE/html/MissionCFE.htm>

²⁸ <http://www.cfe.ccip.fr/>

Outro paso máis á hora de eliminar barreiras e á hora de crear unha empresa, é o servizo que ofrece o *Ministère de l'économie, des Finances et de l'Industrie*, que puxo a través do servizo "*net-entreprises*". Aquí ofrécese a posibilidade de transferir datos sociais e fiscais, así como a posta á disposición dos cidadáns dos formularios necesarios. Unha clara manifestación diso é que a partir do 2001, as empresas poden declarar e pagar o TVA²⁹ por Internet.

En canto ao segundo punto, redución dos custos para crear unha empresa, detállanse as medidas relacionadas con este aspecto:

- Redución do custo de constitución dunha empresa.
- Mellora dos dereitos sociais dos emprendedores: reducir as achegas das súas cotizacións sociais.

GRECIA

Partindo dunha iniciativa do *Ministerio de Desenvolvemento e en coordinación co secretario xeral de Industria, a Secretaría Xeral de Industria do Ministerio de Desenvolvemento* creou unha proposta para a posta en práctica do chamado *Cheaper and faster start up*. Simplificar a autorización de permisos para establecer unha empresa é unha das metas principais desta proposta. Para iso creouse unha unidade administrativa (portelo único empresarial) chamada *development directorate*. Os novos investidores serviranse dun só departamento para o establecemento, a instalación e a posta en marcha do seu negocio³⁰.

Propónse crear, na Secretaría Xeral de Industria, o *development and coordination directorate*, a función do cal será coordinar a monitorización central dos departamentos de Industria. No 2004, o tempo medio que se necesitaba para autorizar o establecemento dunha empresa era de 3 meses, chegando a ser de 12 meses en moitos casos. Estímase que a creación deste

²⁹ IVE.

³⁰ <http://www.gge.gr/>

xanela única empresarial reducirá a 10 días o tempo necesario para establecer unha empresa: 5 días para recompilar toda a información e documentación e 5 días para a autorización. Ata o 2004, creáronse no país 100 Citizens Advise *Bureaux* e 52 Investor Reception *Centres* que están a operar satisfactoriamente³¹.

O Goberno de Grecia xa tomou iniciativas importantes para mellorar o ámbito de negocios. Un paso importante é a lei nova do investimento que apoia os novos investimentos, tanto como empresas vellas, promove a súa modernización, fomenta o uso de novas tecnoloxías, contribuíndo esta innovación ao desenvolvemento do emprego e o desenvolvemento rexional. A nova lei é simple, clara e autosuficiente; isto mellora as discrepancias relativas á lexislación anterior e esgota os límites postos pola Unión Europea sobre subvencións estatais.

A nova Lei 3325/2005 para a licenza para empresas no sector servizos e comercio actualmente incrementa a competitividade entre empresas. A lexislación reduce o tempo e o custo de posta en marcha dunha empresa, preténdese a obtención de servizos a través de xanela única facilitado pola cámara de comercio. A "Lei do rexistro xeral das empresas comerciais" será presentada en breve para a súa consulta; ademais, permitirá unha simplificación drástica nos procesos e porá as bases para a consecución do obxectivo perseguido, que non é outro que unha mellora para o desenvolvemento do ámbito empresarial do país. As pemes constitúen a base das políticas do goberno en relación cos negocios, o fin último da estratexia do goberno sobre as pemes é alcanzar o potencial tan vasto que teñen, desenvolvendo a súa competitividade, facendo crecer o emprego incrementando o crecemento económico e a cohesión social. O *goberno* e o *Ministry of Development* levaron a cabo e continúan a implementar numerosas medidas, co fin de:

³¹ http://ec.europa.eu/enterprise/enterprise_policy/charter/reports.htm.

- desenvolver a infraestrutura e o marco xurídico para as pemes,
- simplificar os procedementos de licenza para o establecemento de empresas manufactureiras
- e modernizar as actividades comerciais e as cámaras de comercio.

Nos próximos tres anos, o goberno continuará centrando os seus esforzos en incrementar a competitividade das pemes poñendo especial énfase en áreas tales como: incrementar o presuposto para aumentar a representación das pemes atendendo ás súas necesidades particulares; simplificar a longo prazo o proceso de posta en marcha dunha empresa; instaurar un sistema electrónico co fin de simplificar os trámites administrativos e adaptalos aos principios de celeridade e transparencia.

A reforma da Administración pública é unha opción estratéxica do Goberno grego en recoñecemento do papel decisivo que desempeña en canto á creación das condicións necesarias para o progreso económico e social. Os obxectivos principais respecto á mellora das funcións administrativas do Estado son:

- Mellora da produtividade e calidade de servizos públicos.
- Establecer un sistema de avaliación para o impacto de lexislación nova.
- Levantamento de barreiras administrativas, isto leva consigo que se facilite a actividade emprendedora e se contribúa a unha mellor calidade de vida para os cidadáns.
- Transparencia administrativa, a creación de canles de comunicación de dobre dirección entre servizos públicos e cidadáns, e a participación activa na toma de decisións.

Para alcanzar estes obxectivos destacamos dous programas *POLITEIA* (reformas a administración pública 2005-2007) e *TESAS* (2005-2009), estes son programas complementarios.

HOLANDA

A cámara do comercio é o primeiro punto de encontro ao que se teñen que dirixir os novos empresarios para dar de alta o seu negocio en Holanda, tanto se se vai comezar cun negocio, coma se xa está a operar desde hai anos. Aquí informan o emprendedor dos requirimentos para poñer en marcha un negocio en Holanda, as taxas ou impostos aos que hai que facer fronte, como abrir unha sucursal da empresa noutro lugar, etc. Ademais deste servizo, poden comprar a un prezo alcanzable uns paquetes para iniciarse na actividade empresarial, xa que se constatou que en moitos casos os empresarios non están preparados para todos os aspectos da actividade empresarial aos que se terán que enfrontar. Así mesmo, as cámaras de comercio holandesas ofrecen cada vez máis servizos en liña, os cales se poden consultar en: <http://www.kvk.nl>

Ademais deste punto de contacto, o plan seguido polo goberno para facilitar a posta en marcha dunha empresa está a instaurar a xanela único empresarial. Ao final de 2003 empezou a operar a primeira versión da xanela único empresarial virtual en Holanda (<http://www.overheid.nl>), no cal varias institucións gobernamentais combinan os seus servizos a través del, co resultado dunha redución dos custos administrativos. Con este portelo, o que o estado pretende é que, a finais do 2007, polo menos o 65% dos seus servizos para empresas sexa a través deste modo.

Seguindo a mesma liña de acción, o goberno ten en proxecto simplificar e flexibilizar a lei sobre compañías privadas limitadas, para convertelas nunha opción máis atractiva para todo tipo de empresarios. Unha desas medidas concretas é abolir os requisitos de capital mínimo para facer a lei máis competitiva coas leis estranxeiras sobre compañías privadas.

HUNGRÍA

As pemes xogan un papel moi importante na economía de Hungría. Este sector abrangue máis dos dous terzos de todos os traballadores do país.

Segundo o último informe da Comisión Europea, desde outubro do 2003, e seguindo as pautas da Directiva 2003/58/EC, o Parlamento aprobou a lei para o rexistro electrónico de compañías, poñendo en marcha o proceso de modernización e dinamización para o rexistro das empresas.

Mediante esta lei, pódense facer trámites electronicamente co departamento correspondente, o *Business Court*. Pouco a pouco irase instaurando este servizo, aumentando a cantidade de documentos electrónicos que se poidan rexistrar, sempre e cando sexan sociedades limitadas, xa sexan estas públicas ou privadas.

Desde setembro de 2006, as compañías xa poden facer peticións de rexistro e de cambios (por exemplo, cambio de actividade da compañía, cambio de titulares, etc.), electronicamente no *Business Court*, usando a sinatura electrónica. Ademais destes servizos, tamén poden solicitar unha copia electrónica dos documentos rexistrados nos rexistros de compañías.

Os intentos de simplificación administrativa para establecer unha peme iranse instaurando pouco a pouco. Hoxe en día, grazas a estes servizos telemáticos, reduciuse o número de días para poder rexistrar unha compañía, pasouse de 15 días (procedemento convencional), a 8 días, se se utiliza o procedemento electrónico.

Ao mesmo tempo que se buscan políticas que favorezan a redución de días, tamén se fixeron esforzos para que haxa unha redución de custos. Desde xaneiro de 2004, os custos de rexistro para as compañías son de 300 € para unha sociedade limitada e de 200 € para unha sociedade sen personalidade xurídica.

IRLANDA

Atendendo á evolución comparativa destes últimos anos, dentro dos países da Unión Europea, o país que nos ocupa agora, Irlanda, preséntase como un dos que están á cabeza á hora de desenvolver a "Posta en marcha menos custosa e máis rápida". Para poder chegar a este estadio de desenvolvemento, un papel fundamental é o desenvolvido pola oficina de rexistro de compañías (*The Companies Registration Office CRO*).

Esta oficina é a autoridade establecida por lei para rexistrar as novas compañías na República de Irlanda, baixo o "patrocinio" do Departamento de Empresas, Comercio e Emprego. A través da *CRO* déronse pasos destinados a asegurar que os procedementos para poñer en marcha unha empresa sexan máis rápidos e baratos, como, por exemplo, reducir os honorarios de rexistro dunha compañía, acelerar o seu proceso de rexistro e continuar desenvolvendo o acceso en liña (*on-line access*).

As funcións da *CRO* son as seguintes:

- Crear as compañías a través do rexistro e rexistrar o nome do negocio.
- Recibir e rexistrar os documentos necesarios.
- Facer cumprir e aplicar a lei que rexe as empresas.
- Expoñerlle toda a información necesaria ao público.

Existe unha oficina en Dublín onde atenden as demandas dos emprendedores, así como unha liña de atención telefónica. Ademais desta oficina, pódese ter acceso a tal información no portal electrónico www.cro.ie, así como encher documentos electrónicos, duplicar certificados, etc.

Unha das prácticas seleccionadas como exemplo do proceso de boas prácticas é o chamado *CRODisk*. Este é un soporte en disquete, un sistema híbrido entre papel e sistema electrónico para incorporar a compañía ao rexistro rapidamente sen a inconveniencia de facelo de forma presencial na oficina de *CRO*. Con esta modalidade asegúraselle ao emprendedor que nun prazo de cinco días terá o certificado de incorporación. Ademais desta vantaxe,

elimínanse as molestias das colas para presentar documentos, o pagamento dos honorarios cárgase directamente na conta bancaria do cliente e os formularios teñen o mesmo deseño que os formularios da oficina, para facilitar a súa comprensión.

Este sistema está contemplado a nivel europeo como o máis efectivo á hora de utilizar as TIC³². De feito, inténtase fomentar este tipo de rexistro, baixándolles o prezo dos honorarios ás empresas que utilicen o *CRODisk* fronte ao rexistro "normal". Un paso máis alá é o *CRO on-line filing system*, a través do cal se poden cubrir e archivar electronicamente algúns formularios do sistema CRO dunha forma segura e simple. O arquivo electrónico resulta máis barato que en papel, no caso dos formularios de rexistro de nome da compañía; ou gratuíto, como no caso de todos os formularios necesarios, que son posteriores aos de rexistro. O sistema permite tamén facer un seguimento dos procesos de rexistro e garante que estes sexan máis rápidos. Ademais, as compañías poden reclamar as súas devolucións anuais de xeito totalmente electrónico. Outro avance que ofrece o CRO é o chamado *CORE*³³ (*Companies on-line resgistration enviroment*). Este portal permítelles realizar aos xestores das compañías os seguintes trámites:

- Comprobar o estado das sociedades.
- Recibir notificacións acerca do estado da solicitude, así como os cambios no estado destes documentos.
- Obter a *CRO Account balance* (conta contable), transaccións e extractos de conta das diferentes sociedades.

³² TIC: Tecnoloxías da información e da comunicación.

³³ <http://www.core.ie/>

ITALIA

Como consecuencia do proceso de reforma levado a cabo nos anos noventa, o sistema empresarial italiano volveuse extremadamente favorable. A iso contribuíron principalmente:

- Unha ampla política de privatizacións, que continuará co desinvestimento de empresas participadas por un importe total de 60 millóns de euros.
- Intervencións coa finalidade de apoiar os investimentos do sur de Italia.
- A reforma da Administración pública, mediante unha racionalización das competencias, a autocertificación, o desenvolvemento do goberno electrónico, a implantación definitiva da xanela único empresarial, etc.
<http://web.telemaco.infocamere.it/>
- A posta en marcha dunha importante reforma fiscal, dirixida a facilitar a realización de novos investimentos das empresas.

A finais dos anos noventa levouse a cabo un amplo deseño de simplificación dos procedementos administrativos, coa identificación de 184 procedementos que debían simplificarse. O devandito proceso continua tendo unha importancia prioritaria nos obxectivos do actual Departamento da Función Pública (*Dipartimento della Funzione Pubblica*), que aprobou unha lei de simplificación, dirixida a racionalizar o ordenamento normativo vixente.

Os elementos fundamentais da devandita lei concirnen a:

- A desregulación coa liberalización de materias completas.
- O reaxuste e agrupación das leis vixentes, cunha simplificación substancial no regulamento dalgúns sectores estratéxicos (en concreto: seguridade laboral, incentivos ás actividades produtivas, enerxía e informatización da Administración pública).

Así mesmo, Italia aprobou no ano 2000 o "*Analisi dell'Impatto della Regolamentazione (AIR)*", novo instrumento para o seguimento do impacto da acción do goberno, e comunicoulles o resultado aos responsables da toma de decisións. A creación da xanela único empresarial pretende diminuír e simplificar o número de trámites burocráticos para as empresas. Implantado en 1998, a xanela único opera concentrando todas as autorizacións necesarias para a creación de novas actividades produtivas nunha única estrutura, xeralmente no ámbito dos concellos. As principais vantaxes que lles ofrece a xanela ás empresas son:

- A concentración de todas as prácticas burocráticas para a creación de novas actividades produtivas nunha única estrutura que serve de vínculo cos demais entes territoriais involucrados nos procedementos de autorización.
- A identificación dun responsable encargado da correcta aplicación e dos tempos do procedemento con respecto á empresa.
- A existencia de prazos para as autorizacións que, segundo o tipo de investimento, van dos 30 aos 90 días.

Ademais, as xanelas únicas poden proporcionarlles ás empresas:

- Informacións útiles acerca do contexto socioeconómico territorial (incentivos financeiros, facilidades para a contratación de man de obra, dispoñibilidade e características de instalacións industriais e/ou estruturas para novas localizacións, etc.).
- Valoracións sobre os requisitos formais na presentación do proxecto, para sinalar de antemán os posibles problemas que, en caso contrario, atrasarían o proceso de autorización.

Proxecto Telémaco: servizo integrado para a transmisión de documentos e rexistros á cámara de comercio e a navegación do rexistro de empresas. Este proxecto foi producido por Infocamere e a sociedade TI da Cámara de Comercio de Italia para habilitar todos os procesos administrativos requiridos

pola cámara de comercio a ser simplificados e executados na web. Un dos obxectivos máis importantes alcanzados por Infocamere é o rexistro de empresas, que foi establecido en 1993. Desde 1999, o fin xeral foi cambiar completamente do arquivo de papel ao arquivo electrónico e reducir os custos de tempo e diñeiro asociados ás interaccións obrigatorias das empresas co rexistro. Infocamere estableceu o servizo Telémaco para simplificar os procedementos administrativos requiridos pola cámara de comercio.

LETONIA

O ER –Rexistro de Empresas da República de Letonia– foi establecido o 1 de decembro de 1990 pola resolución do Consello Supremo, do 20 de novembro de 1990, sobre "o Procedemento de darlle o efecto á Lei da República de Letonia sobre "o Rexistro das Empresas da República de Letonia" e pola resolución do Consello de Ministros datado o 30 de novembro de 1990 para proporcionar a posta en práctica da lei sobre o Rexistro das Empresas da República de Letonia.

Desde decembro de 1990³⁴ ata setembro de 1993, as empresas rexístranse no ER; as primeiras oficinas nacen en Riga, e pouco despois iranse ampliando estas oficinas de rexistro público por todas as partes de Letonia. As empresas de nova creación son rexistradas neste país en ER, nos centros de información de Riga.

Desde o 23 de setembro de 1993 ata o 18 de maio de 1995, as empresas son rexistradas polo ER e decláranse máis centros en Riga e en nove departamentos rexionais. En 1996: o ER faise unha persoa legal, unha institución de dirección estatal, que funciona na supervisión do Ministerio de Xustiza.

³⁴<http://www.ur.gov/>



En decembro de 1999: o Gabinete de Ministros aproba as regulacións sobre o Consello que pon en práctica a supervisión sobre o sistema de información.

O Rexistro das Empresas da República de Letonia (ER) representa unha institución administrativa que rexistra empresas, comerciantes, as súas filiais e oficinas representativas dentro do territorio da República de Letonia, así como todas as emendas aos documentos básicos da súa actividade, e toma outras accións previstas segundo actos legislativos. O ER tamén rexistra medios de comunicación, organizacións públicas, influencias decisivas, contratos de matrimonio e concesións, elabora leis preliminares para rexistrar partidos políticos e sindicatos. Actualmente, o ER toma unha parte activa na posta en práctica das reformas de dereito comercial.

O ER é unha persoa legal que actúa na supervisión do Ministerio de Xustiza e a súa actividade é regulada segundo a Lei sobre o Rexistro das Empresas da República de Letonia, e as Regulacións do ER aprobado polo Gabinete de Ministros. O ER é manexado polo Centro Principal Estatal, denominado para soste a súa oficina segundo a oferta do ministro de Xustiza e liberado da oficina polo Gabinete de Ministros. O notario principal estatal do Rexistro está formado por 5 autoridades, a capacidade das cales vén determinada polo Centro Principal Estatal. O ER ten o persoal central en Riga e oito departamentos rexionais noutras cidades e localidades de Letonia: *en Bauska (xurisdición: Bauska rexión, Jelgava, Jelgava rexión), en Daugavpils (xurisdición: Daugavpils, rexión de Daugavpils, Kļ rāslava, PreiÅ¼ I), en J Å " kabpils (xurisdición: J Å " kabpils rexión, Aizkraukle rexión, Madona rexión), en LiepÅ¼ ja (xurisdición: LiepÅ¼ ja, LiepÅ¼ ja rexión), en R Å " zekne (xurisdición: R Å " zekne, R Å " zekne rexión, Ludza rexión, Balvi rexión), en Saldus (xurisdición: Saldus rexión, Dobeles rexión), en Valmiera (xurisdición: Valmiera rexión, LimbaĀi rexión, C Å " rexión de Sis, Valka rexión, Ao-Å¼ « Ksne rexión, Gulbene rexión) e en Ventspils (xurisdición: Ventspils, rexión de Ventspils, Talsi rexión, Kuld Å¼ ga rexión).*

LITUANIA

En xaneiro do 2004 empezou a funcionar o *Register of Legal Entities*, que regula os requisitos de rexistro e documentación, e autorizouse o *State Enterprise Centre of Registers* para manexar os rexistros, asumindo as funcións que previamente realizaban diferentes institucións. O *Centre of Registers* ten 10 oficinas en diferentes localidades en Lituania e os formularios de solicitude e rexistro atópanse na web www.kada.lt. Cada cidadán pode realizar todos os rexistros necesarios na oficina que lles resulte máis conveniente para entregar e recoller a documentación. O tempo necesario para verificar a documentación é de 5 días laborables, pero pagando un extra pódese facer nun día. A solicitude para rexistrar unha entidade legal e outros documentos teñen que pasar primeiro polo notario para verificar os datos e o cumprimento das leis reguladoras. Os gastos de verificación de documentación varían entre 49 € (compañías individuais) e 100 € (compañías públicas e privadas), segundo o tipo de compañía que se queira establecer. Os gastos de rexistro de novas compañías varían (entre 17 € e 35 €) tamén dependendo do tipo de compañía. Algunhas localidades conceden apoio económico para o establecemento de empresas co fin de impulsar as pemes e crear novos postos de traballo. Por exemplo, a cidade de Vilnius reembolsa os gastos para dar de alta unha nova empresa, ata 116 €.

A estratexia de Lisboa pon un obxectivo novo estratéxico para a Unión Europea durante dez anos, que consiste en basear a economía en coñecementos máis dinámicos e competitivos, para o cal é necesario unha serie de reformas, entre as cales está o apoio activo aos novos empresarios, informándoos de todo o proceso administrativo e, sobre todo, "simplificando os trámites burocráticos".

O rexistro de empresas é regulado segundo a Regulación do Rexistro de Entidades Legais. Foi presentado o 1 de xaneiro de 2004, co obxectivo de rexistrar entidades legais, recoller e sistematizar o arquivo e proporcionar a información e os datos das entidades legais. O Rexistro foi establecido para

simplificar o rexistro e asegurar a publicidade dos datos e documentos, garantindo implicitamente a protección dos intereses das terceiras persoas.

LUXEMBURGO

En Luxemburgo³⁵, desde finais do ano 2004, funciona unha plataforma electrónica ("*Business Plan Toolbox*") que ofrece toda a información necesaria para crear un plan de negocio. Para que a información sexa máis accesible, é posible que as institucións e organismos interesados instalen na súa páxina web enlaces que leven directamente a esta plataforma virtual.

Business Plan Toolbox permite realizar un plan de negocio de principio a fin, cunha guía virtual que indica a orde dos pasos que seguir, un simulador de situación financeira, exemplos de casos con éxito e sen éxito e mesmo acceso a un consultor profesional. Dando forma concreta a unha idea inicial de negocio, preténdese reducir riscos no proceso de dar de alta unha empresa.

Construír un proxecto de creación de empresa é un longo proceso, que leva consigo unha preparación minuciosa. Como axuda a todas as fases de creación dunha empresa, creouse a *Guichet d'entreprises*. É unha estrutura local que permite unha asistencia gratuíta aos creadores de novas empresas, esta asistencia céntrase en varios campos de actividade. A finalidade principal é asegurar un servizo que dá consello económico, xurídico e técnico ás pequenas e medianas empresas, ben ás xa existentes ou ás de nova creación. Hoxe en día, as cámaras de comercio defenden os intereses de máis de 30.000 empresas luxemburguesas, interveñen no procedemento lexislativo e ofrecen asistencia en todos os ámbitos relacionados coas empresas. Outro organismo que participa activamente na creación de empresas é a Cámara de Oficios. Existe un portal de empresas, a través do cal, ademais de preguntar todas as dúbidas en canto á creación de novas empresas, ten como obxectivo

³⁵<http://www.rcsl.lu/>

economizar o tempo e os esforzos dos empresarios, reunindo nunha xanela única virtual as informacións e os servizos que requiran empresarios.

MALTA

En Malta, fixéronse moitos esforzos encamiñados ao desenvolvemento do espírito empresarial. O servizo oficial que leva a cabo o Rexistro das novas empresas é *The Malta Financial Services Authority (MFSA)*³⁶. Foi establecido coma xanela único empresarial a través da Lei do 23 de xullo de 2002. É unha institución totalmente pública e informa o Parlamento anualmente. Asumiu as funcións de supervisión, que anteriormente levaba o *Central Bank of Malta*, o *Malta Stock Exchange* e *The Malta Financial Services Centre*, e é o único organismo que regula os servizos financeiros. O MFSA tamén actúa como o Rexistro de Empresas central e tamén asumiu a función como *Listing Authority*.

Con este servizo recortáronse os días necesarios para poder rexistrar unha compañía, segundo o informe enviado á Comisión no 2004, en circunstancias normais está estimado que desde o inicio ao final do proceso, se pode facer aproximadamente nun período de entre un e tres días, aínda que, se existe algún trámite extraordinario que facer, o tempo total non excederá dunha semana.

Actualmente, existe un acceso en liña da MFSA para que os usuarios poidan ver e descargarse todos os documentos rexistrados na "*company database*". Non obstante, estase a intentar levar a cabo poder presentar toda a documentación posible, incluído o rexistro da nova compañía. A este respecto, xa está en funcionamento o *ROC on line System*³⁷, o cal permite cumprir e asinar electronicamente os formularios, usando unha sinatura persoal dixital.

Baixo a responsabilidade do *Parliamentary Secretariat for Small Business and the Self Employed*, introduciuse nova lexislación (*Trade Licensing Regulations*)

³⁶<http://www.mfsa.com.mt/>

³⁷<http://registry.mfsa.com.mt/>

para eliminar todos os procedementos burocráticos que se esixían e isto completouse coa creación do *Small Business and Crafts Directorate* (01 de abril do 2003), que funciona como unha xanela única para aqueles que queren empezar un novo negocio, para aqueles que desexan información sobre como crear unha empresa e para os que xa iniciaron a súa actividade empresarial pero desexan realizar unha reclamación ou unha suxestión.

O *Small Business and Crafts Directorate*, xunto co *Maltese Employment and Training Centre* (ETC), analiza a posibilidade de proporcionar programas de asistencia para persoas que acaben de completar os seus estudos e teñan interese en montar unha empresa e tamén programas para axudar a rendibilizar os negocios xa existentes. Préstase especial atención a intentar incrementar o número de mulleres que empezan o seu propio negocio.

O número de novas licenzas de comercio estase sempre a incrementar, así como o número de reclamacións recibidas, que son arredor de 1.500 por ano.

NORUEGA

Hai 7 rexistros diferentes relevantes para o sector de negocios, as compañías só necesitan rexistrarse no *Register of Business Enterprises*, que <http://www.brreg.no/english/registers/business/business.html> coordina a información con outros rexistros relevantes. O tempo necesario para rexistrar unha compañía é de 5 a 7 días de media. Desde xaneiro do 2004, os custos para rexistrarse descenderon un 9% para compañías limitadas e un 16% para outras compañías. O rexistro de empresas é o responsable de rexistrar todas as empresas norueguesas e estranxeiras de negocios en Noruega. O rexistro asegurará a protección legal de nomes de negocio e proporcionará unha descrición financeira das empresas. Todo isto constitúe unha importante fonte de información para os novos emprendedores á hora de crear un negocio.

POLONIA

En xaneiro do 2004 entrou en vigor unha modificación da *Business Activity Law* permite que as persoas que desexen emprender un negocio poidan facelo na Administración local e non no National Court *Register*. En Polonia hai 26 *Court Registers*, pero en moitos casos hai que viaxar longas distancias e isto é o que se quixo evitar, conseguindo así que rexistrar un negocio sexa máis rápido e máis barato. Ademais, para evitar que o empresario teña que ir dunha oficina a outra para rexistrar documentos, tanto no Register Court coma nas oficinas locais pódese realizar nun só mostrador a solicitude de rexistro, a solicitude do rexistro estatístico (REGON) e a solicitude de identificación fiscal. Este rexistro é a fonte principal para a creación da base de datos de negocios e empresas; serve de nexo entre rexistros oficiais e sistemas de información de Administración pública.

O apuntamento de traballos á posta en práctica do sistema INTRASTAT en Polonia é conducido polo Ministerio de Finanzas xunto coa Oficina Central Estatística. O equipo de proxecto para a organización e a posta en práctica deste sistema prepara regulacións acerca de empresas e empresarios. O 21 de agosto do 2004 entrou en vigor a nova *Law on Freedom of Business Activity*, que substituíu a *Business Activity Law*. <http://www.ms.gov.pl/>

Esta lei amplía as funcións da xanela único, que agora admite, ademais, a solicitude do número da seguridade social e a solicitude de rexistro ou modificación de contribución á seguridade social. Unha vez realizado o rexistro, ben o organismo responsable do rexistro de negocios, ben o organismo que conserva os datos, enviaránlles a solicitude aos diferentes rexistros e unha copia da decisión tomada respecto ao rexistro. O *Business-in-Poland.com* é un portal para todas aquelas persoas interesadas no investimento ou a creación dunha empresa en Polonia que ofrece servizos tanto de información coma prácticos. Funcionan as 24 horas do día e servirán de grande apoio á hora de comezar un negocio, co obxectivo principal de aforrarlles tempo e diñeiro aos novos emprendedores.

PORTUGAL

Os Centros de Formalidades das Empresas (CFE) son servizos de atención e de prestación de información aos clientes que teñen por finalidade facilitar os procesos de constitución, alteración ou extinción de empresas e actos afíns. Consisten na instalación física, nun único local, de delegacións dos servizos ou organismos da Administración pública que máis directamente interveñen nos procesos atrás referidos. Foron creados en 1997 e son os responsables da tramitación acelerada de máis do 50% de todos os procesos de creación de novas empresas en Portugal.

Actualmente, os CFE teñen competencia para constituír sociedades comerciais, tales como:

- Sociedades por cotas
- Sociedades unipersoais por cotas
- Sociedades en nome colectivo
- Sociedades anónimas
- Sociedades en comandita, e para proceder a:
 1. Transformación de sociedades.
 2. Alteracións ao pacto social de sociedades.
 3. Cesamento de cotas de sociedades.
 4. Disolución de sociedades.

Prevese que, a curto prazo, os centros de formalidades empresariais pasarán a ter tamén competencia para constituír outro tipo de sociedades: sociedades civís, asociacións, fundacións, cooperativas, representacións permanentes de sociedades estranxeiras; da mesma forma que tamén se prevé, a curto prazo, en toda a Rede Nacional dos CFE, certo tipo de actos como: ACE



(Agrupamentos Complementarios de Empresas), AEIE (Agrupamento Europeo de Interese Económico).

COMPOSICIÓN

- Un corpo técnico de atención (IAPMEI)
- Un delegado do RNPC-Rexistro Nacional de Persoas Colectivas (DXRN)
- Un notario (DXRN)
- Un representante da DXCI-Dirección Xeral de Impostos
- Unha representante da Seguridade Social, IP (ISS)
- Un Gabinete de Apoio ao Rexistro Comercial-GARC (DXRN)
- Un posto de atención (PA) da "Empresa en Hora" (ENH)
- Un Gabinete de Licenzas (CFE de Setúbal)
- Un Centro da Caixa Xeral de Depósitos

A rede nacional dos CFE naceu a través do Decreto-lei 78-A/98, do 31 de marzo, e abrangue todo o territorio nacional.

Aproba a creación do Centro de Formalidades das Empresas (CFE) de Viseu, localizado nas instalacións de AIRV-Asociación Empresarial da Rexión de Viseu.

Tendo en conta este obxectivo e considerando que as candidaturas da NERLEI-Asociación Empresarial da Rexión de Leiría, en canto entidade representativa dun número significativo de empresas situadas naquela rexión e do IAPMEI-Instituto de Apoio ás Pequenas e Medianas Empresas e ao Investimento, co potencial de experiencia xurídica obtida anteriormente, reúne as condicións necesarias

Segundo o artigo n.º 2 do artigo 1.º do Decreto-lei n.º 78-A/98, do 31 de marzo, determínase o seguinte:

- 1- A creación do Centro de Formalidades de Empresas (CFE) de Viseu, localizado nas instalacións de AIRV-Asociación Empresarial da Rexión de Viseu.
- 2- O recoñecemento da AIRV-Asociación Empresarial da Rexión de Viseu como entidade de acollemento do CFE de Viseu, nos termos do n.º 3 do artigo 2.º do Decreto-lei n.º 78-A/98, do 31 de marzo.
- 3- A designación do IAPMEI-Instituto de Apoio ás Pequenas e Medianas Empresas, como entidade hospedeira "de aloxamento" do CFE de Viseu, de acordo co previsto no n.º 2 do artigo 2.º do Decreto-lei n.º 78-A/98, do 31 de marzo.
- 4- A atribución do artigo 1.º Carta Notarial de Competencia especializada de Viseu, vai funcionar xunto da AIRV-Asociación Empresarial da Rexión de Viseu, das competencias previstas no artigo 4º do Decreto-lei n.º 78-A/98, do 31 de marzo.

Entidades de acollida:

- En CFE Porto: **AEP** - Asociación Empresarial de Portugal
- En CFE Coimbra: **CEC** - Consello Empresarial de Centro
- En CFE Braga: **AIM** - Asociación Industrial do Miño
- En CFE Loulé: **NERA** - Asociación Empresarial da Rexión do Algarve
- En CFE Lisboa II: **AIP** - Asociación Industrial Portuguesa
- En CFE Aveiro: **AIDA** - Asociación Industrial do Distrito de Aveiro
- En CFE Viseu: **AIRV** - Asociación Empresarial da Rexión de Viseu
- En CFE Leiría: **NERLEI** - Asociación Empresarial da Rexión de Leiría.

A coordinación e o funcionamento da Rede Nacional dos CFE incumbe ao xestor da Rede Nacional dos CFE que desempeña as súas funcións en dependencia do ministro de Economía e Innovación. A instalación e organización dos CFE compételle ao Equipo Interministerial da Rede Nacional

dos CFE, nomeada por despacho conxunto dos ministros de finanzas, de Xustiza, de Economía e de Seguridade Social e de Traballo.

Preténdese constituír unha sociedade nos CFE, tendo sempre en conta que todos os actos iniciados na Rede dos CFE deben ser rematados nos CFE.

Cada CFE ten capacidade para iniciar un número limitado de procesos novos (de constitución de sociedade, alteración de pactos sociais, disolución e outros) por día.

O IDE-Instituto de Desenvolvemento Empresarial da Rexión Autónoma de Madeira é a "*Entidade Hospedeira*" do CFE do Funchal.

REINO UNIDO

O Reino Unido preséntase como unha das principais economías mundiais con capacidade para aumentar o número de empresas creadas baixo a denominación de responsabilidade limitada. De media, e segundo o Informe de posta en práctica de 2005 da Carta europea para pequenas empresas, "cada emana créanse arredor de 6.200 compañías; destas creacións, en torno ao 75% son incorporacións electrónicas". O custo do servizo é máis barato e rápido, conseguindo unha das metas do goberno para dar facilidade aos emprendedores, que é potenciar o rexistro da empresa nun tempo menor e por vía electrónica.

Para poder levar a cabo esta idea, desde o ano 2000, consolídase o servizo para a pequena empresa Small Business Service (SBS)³⁸. É unha axencia do Departamento de Comercio e Industria, a cal lidera e prové un centro de expertos en pequena empresa. Este servizo fomenta novas ideas empresariais, estimula os emprendedores e axuda a vencer as barreiras para crecer. Cada ano axuda a 300.000 pequenos empresarios a comezar co seu negocio e a afianzarse nel. Ano a ano, *Business Link* incrementa a súa presenza no mercado do traballo e da empresa.

³⁸ <http://www.sbs.gov.uk/>

A estrutura de SBS:

- Xefe executivo.
- Director executivo, política.
- Subdirector executivo, servizos corporativos.
- Director executivo, xefe de dirección e de estratexia de envío.

Desde o mes de Novembro do 2003, o goberno puxo á disposición dos cidadáns o portal www.businesslink.gov.uk electrónico. Este portal é un paso máis á hora de achegar ao cidadán este servizo e nel dáse lugar á prestación dun acceso máis doado para obter información e consello sobre todos o pasos que seguir para formar unha empresa, desde os seus inicios, ata información dos impostos que teñen que pagar, requirimentos legais, etc. Con este servizo únense as políticas nacionais e o servizo goberno electrónico para pemes.

En canto ao rexistro de empresas, desde o século XIX (1844), o Reino Unido ten un sistema de rexistro de compañías. Hoxe en día, este rexistro está rexido pola Lei de empresas de 1985 e a nova lexislación contida na de 1989. Todas as compañías limitadas do Reino Unido rexístranse na chamada "Companies House"³⁹ (Casa das Empresas), axencia executiva do departamento de industria e comercio. Existen máis de dous millóns de compañías rexistradas en Gran Bretaña, e máis de 300.000 novas compañías rexístranse cada ano.

As funcións das "Companies House" son:

- crear e disolver sociedades de responsabilidade limitada,
- examinar e almacenar a información da compañía,
- poñer esta información á disposición do público.

As oficinas sitúanse en distintos puntos xeográficos. Existe unha oficina en Cardiff, á cal teñen que acudir aquelas empresas que pertencen a Inglaterra e Gales. O Rexistro das Compañías para Escocia atópase en Edimburgo, e,

³⁹ <http://www.companieshouse.gov.uk>



ademais destas dúas oficinas de atención, existe un centro de información en Londres.

O persoal que compón estas oficinas está composto por unha xunta directiva, composta por persoal do Departamento de Comercio e Industria e tamén membros independentes do sector privado. Polo tanto, a súa composición reflicte a idea de xuntar esforzos que proveñen do ámbito privado e público.

POLÍTICAS E INICIATIVAS EN ESCOCIA, GALES E IRLANDA DO NORTE:

Ata aquí expuxéronse as políticas globais levadas a cabo polo Goberno británico. En canto aos esforzos que se están a facer localmente, cómpre destacar os seguintes:

En Escocia, continúaase desenvolvendo o programa denominado "*New Approach to Entrepreneurship*". Este proxecto, desde o seu comezo en 2001, e a través da súa rede de asistencia a empresas, no período de 2003/2004, prestou axuda á creación de 9.700 empresas e continúa traballando en novas iniciativas.

Outro proxecto encamiñado á posta en marcha máis rápida e menos custosa é a liña de acción de Gales "*Entrepreneurship Action Plan for Wales (EAP)*", programa práctico que dá soporte para a posta en marcha das empresas. Este proxecto contempla dúas etapas importantes para crear unha empresa, a primeira consiste en actividades previas ao inicio da fase de posta en marcha, fase na cal o EAP animou a moita xente a aventurarse no mundo empresarial, e unha segunda fase, que é a fase mencionada anteriormente, de posta en marcha da empresa. Dentro deste proxecto destaca "*Because you can*", enfocado ó público feminino que quere emprender o seu camiño empresarial. Ademais deste proxecto, existe outro denominado "*Potentia*", enfocado á ampliación de emprendedores a través dos distintos estratos sociais. Segundo o "Informe sobre a aplicación da Carta europea da pequena empresa dos estados membros da Unión Europea ano 2005", o éxito deste proxecto é

notable, xa que permitiu a apertura de aproximadamente de 1.600 empresas, creando ao redor de 2.600 traballos.

En Irlanda do Norte, desenvolveuse "The Accelerating *Entrepreneurship Strategy*" (AES), que se traduciu nun incremento do volume e do valor de novos negocios en Irlanda do Norte, con 2.500 novas empresas creadas a través deste proxecto. Este dato tradúcese na creación de 4.000 novos traballos. Ademais, hai un dato relevante deste proxecto: que a través da súa posta en marcha, 35 das empresas creadas establecéronse no sector comunitario e, polo tanto, traspasou as fronteiras británicas e comezou a súa expansión.

REPÚBLICA CHECA

En febreiro do 2002, liderado polo ministro de Industria e Comercio, créase o *Council for the Development of the Entrepreneurial Environment (RRPP council)*. As accións de RRPP Council baséanse nas actividades de dous organismos conselleiros: o *National Discursion Group* e o *Czech Council for the Promotion of Entrepreneurship and Exports*. O RRPP Council proporciona o marco no que os sectores público e privado se poden reunir e cooperar para lograr obxectivos comúns.

Respecto aa xanela único empresarial, os obxectivos fundamentais céntranse en:

- Simplificación dos procedementos administrativos para dar de alta e poñer en funcionamento unha empresa.
- Desenvolvemento dun único portal (*businessInfo*) de información para empresarios e exportadores.
- Establecer puntos de información e educación para apoiar o pequeno/mediano empresario a través de iniciativas coordinadas do sector público e privado.

Antes da instauración do portal, os empresarios tiveron grandes dificultades para a creación de empresas, debido a que non existía un método detallado que seguir. No 2001, a Administración Xeral do Estado⁴⁰ da República Checa deu paso á apertura dun portal a través do cal se ofrecen servizos para facilitarlles información aos novos emprendedores. Este portal vai dirixido, entre outros, a quen desexe crear unha empresa, tanto da República Checa coma persoas doutras nacionalidades. Ademais dos servizos informativos, pódense enviar os formularios vía telemática. Os membros que forman este portal son:

- *Czech Trade Promotion Agency-CzechTrade*
- *Ministry of Industry and Trade*
- *Ministry of Agriculture*
- *Ministry of Finance*
- *Ministry of Foreign Affairs*
- *Ministry for Regional Development*
- *Ministry of Labour and Social Affairs*
- *Ministry of Informatics*
- *Ministry of the Environment*
- *Ministry of Transport*
- *Ministry of Justice*
- *Investment and Business Development Agency CzechInvest*
- *Czech Export Bank*
- *Export Guarantee and Insurance Corporation*
- *Czech-Moravian Guarantee and Development Bank*
- *Czech Centers*

⁴⁰<http://www.businessinfo.cz/>

- *CzechTourism*
- *Center for RegionalDevelopment*
- *Euro Info Centre Praha*
- *Portal of the Public Administration*

En 2004, o RRPP Council colaborou cun grupo de traballo (*Simplification of Paperwork for Start-up businesses*) nun proxecto para a creación dun *CRM central registration point* (punto de rexistro central), a función do cal é a simplificación dos procedementos administrativos para dar de alta unha empresa e para o futuro desenvolvemento da devandita empresa.

O acceso en liña a este servizo é limitado e, segundo o informe xeral da comisión, a República Checa está en fases preliminares do proxecto de rexistro en liña.

REPÚBLICA DE ESLOVAQUIA

Na República de Eslovaquia, progresouse nesta área coa nova "*Lei de Companies register*", as actuacións da cal son máis eficientes e os procedementos de rexistro máis rápidos, aínda que, segundo o informe de "*The European E-Business Report 2005*"⁴¹, os resultado obtidos a este respecto non son totalmente satisfactorios. O *Ministry* atribúeo ao nomeamento serodio do comisario para a Sociedade da Información. Segundo o informe citado con anterioridade, aínda están en fase de proba algúns proxectos pilotos, como por exemplo o *Slovak business register*⁴² e o *Cadastre online*⁴³. A barreira máis importante que ten o goberno para instaurar estes servizos é o baixo nivel de aceptación da sinatura electrónica.

⁴¹<http://www.ebusiness-watch.org/resources/documents/eBusiness-Report-2005.pdf>

⁴²<http://www.orsr.sk>

⁴³<http://www.katasterportal.sk>

SUECIA

Unha das prioridades deste país é proporcionarlles aos novos empresarios toda a información necesaria para que poidan comezar a súa actividade empresarial. Durante os anos 2003/2004 traballouse no desenvolvemento destas medidas para atender mellor as necesidades das empresas. A *Swedish Companies Registration Office*, xunto coa *Swedish Tax Agency*, lanzaron unha nova versión do portal electrónico que teñen en común⁴⁴. Desde primeiros de abril do 2003, é posible completar electronicamente a información que requiren ambos os dous organismos para rexistrar unha nova compañía usando tamén a sinatura dixital. Outra das opcións que ofrece é a posibilidade de notificarlle de forma electrónica á *Swedish Tax Agency* os *cambios* ou alteracións que se vaian producindo nas compañías xa existentes. A web tamén contén unha guía interactiva para elixir a categoría legal dun novo negocio. Este servizo tamén se pode usar para difundir coñecementos básicos acerca do marco legal para compañías. Este servizo é o resultado do proxecto Kontakt-N.

Os empresarios con compañías que xa están rexistradas e en funcionamento terán a posibilidade de consultar os datos que constan nos rexistros e facer as modificacións que consideren oportunas. A meta deste servizo dexanela única empresarial é reducir o tempo necesario para o proceso de rexistro.

A *Företagarguiden* (guía do empresario) é un portal web (www.nutek.se/foretagarguiden) tanto para novas empresas coma para empresas xa establecidas. É un directorio de doado acceso que contén información útil proporcionada por 80 axencias gobernamentais e outras organizacións públicas en Suecia. Os interesados poden comunicarse directamente coa autoridade por *e-mail* e conseguir unha resposta dun experto en 48 horas.

Continuouse desenvolvendo o servizo interactivo "*Finansieringsdatabasen*" para axudar as pemes a atopar varias formas de financiamento. O servizo

⁴⁴ <https://www.foretagsregistrering.se/>

tamén pretende informar sobre o funcionamento do mercado financeiro. Outro obxectivo importante é o de informar a pemes de oportunidades para participar en proxectos de desenvolvemento transnacionais.

2.3 Boas prácticas recoñecidas e contempladas pola Comisión Europea en torno á segunda liña de actuación da Carta europea da pequena empresa: posta en marcha máis rápida e menos custosa, por países.

No marco da Carta europea da pequena empresa, creada a petición do Consello Europeo de Lisboa en 2000, selecciónanse como "boas prácticas" medidas realizadas en diferentes países para apoiar as pemes europeas. A selección destas medidas como exemplo que seguir polos demais países ten como obxecto dar a coñecer as citadas "boas prácticas" e fomentar o intercambio de experiencias entre os países de Europa. Deste xeito, afórranse tamén os gastos e o tempo de aprender a base de erro e proba, pois os países poden implantar proxectos que xa demostraron eficacia.

BÉLXICA

Para o desenvolvemento de posta en marcha máis rápida e menos custosa, en Bélxica atópanse recoñecidas como boas prácticas as contempladas na rexión de Valonia e a nivel federal.

En canto á rexión de Valonia, destaca pola creación do <http://creation-pme.wallonie.beportal>. Este portal foi un punto de encontro moi importante para os emprendedores, xa que na páxina se ofrece información actualizada sobre os procedementos necesarios para iniciar e poñer en marcha unha empresa. Está operativa desde finais do 2002 e tivo unha acollida moi boa entre os círculos profesionais. Esta páxina contén os seguintes apartados: antes de comezar unha empresa (xestións e obrigas do emprendedor), axudas dispoñibles e unha guía para o emprendedor. Ademais, pódense atopar todas as direccións das oficinas rexionais e as horas de apertura. Esta práctica está considerada como boa, xa que a información que alí se atopa está posta ao día

continuamente pola cantidade e calidade de información que abrangue, existencia dunha persoa encargada de "velar" pola información do sector e unha carta bimensual que se lles envía a todos os subscritores no que se lles informa sobre todas as modificacións referentes á lexislación, enderezos de interese, etc.

Se nos referimos ás boas prácticas que se recollen no nivel federal, contéplase a creación, desde xullo de 2003, da rede de xanelas únicas empresariais, o cales se converteron no único punto de contacto ao que os emprendedores deben dirixirse. Así mesmo, e contemplando este esquema, a creación do *Data Bank for Enterprises (Banque-Carrefour des Enterprises BCE)* é outro paso importante, xa que permite a centralización e a coordinación do conxunto de determinados aspectos que afectan á creación dunha empresa. O obxectivo do BCE é destinalle un número de identificación a cada empresa e a cada autónomo, contendo este número toda a información necesaria (nome, enderezo, etc.), axudando os emprendedores a aforrar tempo, xa que non terán que informar dos seus datos a todos os departamentos do goberno ou similares. Polo tanto, os servizos públicos obterán deste banco de datos toda a información necesaria no canto de obtela directamente das compañías, o que minimiza a cantidade de información requirida a estas.

DINAMARCA

En outono do 2001, o DCCA introduciu o servizo de autorregistro en liña, *Webreg* (www.webreg.dk), que permite o registro de compañías limitadas directamente a través da web. No marco do proxecto "*Benchmarking the Administration of start-ups*", *Webreg* foi nomeado boa práctica no campo dos servizos de registro en liña.

ESTONIA

O organismo responsable destas medidas é o Ministerio de Xustiza. As sinaturas dixitais son unha importante e nova posibilidade que dá paso aos

avances tecnolóxicos na Unión Europea. A partir do 1 de xaneiro do 2006, impúxose a Lei de sinatura dixital, que ten dúas consecuencias principais:

- Os notarios poden realizar certificacións, usando a súa sinatura dixital, co fin de acreditar a autenticidade de copias e traducións de documentos e información entregada aos rexistros públicos.
- Algunhas solicitudes de entrada nos rexistros que antes requirían unha certificación notarial poden ser entregadas directamente polo solicitante mediante sinatura dixital (por exemplo, no caso de cambio nos membros de comité dunha empresa). Esta sinatura dixital terá a mesma validez legal que unha certificación notarial. O que espera é crear un marco legislativo para notarios que os converta no eixe central dun sistema de "punto de acceso único" para a representación de clientes e a entrega de solicitudes e documentos para establecer unha compañía.

No 2004, todos os notarios de Estonia obtiñan a información específica para empresas a través da base de datos electrónica do Rexistro Mercantil. Non é necesario que o solicitante lle leve ningunha documentación adicional do rexistro ao notario. Ademais, os notarios reenvían todos os documentos requiridos ao Rexistro Mercantil. É habitual pagar os custos estatais necesarios a través de internet usando o ordenador da oficina do notario. Todas estas medidas permiten realizar unha alta nova ou un cambio no rexistro cunha soa visita ao notario.

IRLANDA

A creación do *CRODisk*, un soporte en disquete que é un sistema híbrido entre papel e sistema electrónico, permite que unha compañía se registre rapidamente sen a inconveniencia de que o empresario teña que comparecer na oficina do *CRO* (*Center Register Office*). Pódeselle así garantir ao empresario que, nun prazo de cinco días, terá o certificado de incorporación. Este prazo cúmprese grazas á eliminación da perda de tempo que supón a

espera en colas para presentar documentos, grazas a que os pagamentos se poden cargar directamente na conta do banco do cliente e grazas a que o formulario electrónico mantivo o formato do formulario en papel ao que os empresarios estaban acostumados.

LITUANIA

De xaneiro a decembro do 2005, na cidade de Vilnius (www.vilnius.lt) establécense axudas co obxecto de reembolsar ou reducir os custos iniciais para establecer unha empresa e desta forma animar ao establecemento de pemes e impulsar a creación de novos postos de traballo, ao tempo que se facilita a entrada da xuventude no mercado laboral. As subvencións son de tres tipos diferentes:

- subvencións para os custos de establecemento de pequenas compañías.
- subvencións pola creación de novos postos de traballo en pequenas empresas (ata 290 € por cada novo posto).
- subvencións a pequenas compañías establecidas pola xuventude académica.

A iniciativa inclúe unha ampla campaña de información para estudantes de universidade e servizos de educación, formación e consultoría para a xuventude académica con interese en empezar o seu propio negocio. Os dez proxectos máis prometedores selecciónanse e concédeselles unha subvención de 2.900 €. A información sobre o proxecto difundíuse en medios de comunicación e pode tamén atoparse no portal www.delfi.lt. A primeiros de novembro do 2005, 547 empresas recibiran subvencións para os custos iniciais por un total de 63.500 €. 14.500 € destináronse a subvencionar o custo de creación de novos postos de traballo.

LUXEMBURGO

En novembro do 2004, e coa actuación coordinada de catro ministerios, creouse o portal "*guichet unique pour enterprises*", unha plataforma en liña que facilita a comunicación entre as empresas, a Administración pública e as organizacións empresariais. Espérase que no futuro o portal sexa interactivo, permitindo que as empresas realicen transaccións electrónicas seguras con ministerios e administracións públicas. O portal ofrece información, detalla procedementos administrativos e contén consellos prácticos para todas as fases do desenvolvemento da empresa. Espera con todo isto cumprir o obxectivo final, que é aforrarlles aos empresarios tempo e diñeiro, xa que atoparán nunha xanela única información e servizos xestionados por distintas entidades. Só nos 12 primeiros meses de existencia do portal realizáronse máis de 250.000 visitas.

MALTA

En xuño do 2005 púxose en marcha o proxecto *Kick-Start*, que se compón de cinco medidas principais, co obxectivo de manter informados os organismos asociados e as microempresas das novas iniciativas e axudas do goberno. Preténdese, á súa vez, mellorar a rede de información governamental. Os cinco puntos de interese son:

- Creación dun centro de información para as peme, unha xanela única que permite o rexistro en liña da propia empresa e das súas actividades e actividades comerciais.
- Un sitio web que axuda as pemes que operan en zonas industriais a organizarse mellor e a seren máis accesibles para os seus clientes, mellorando así a súa loxística de traballo.
- Por unha cantidade simbólica, as microempresas teñen acceso a recibir, mediante correo electrónico e contacto persoal, información directa de

Malta Enterprise sobre novas licitacións anunciadas en Malta, na UE e fóra da UE.

- O Ministerio de Investimentos, Industria e Tecnoloxías da Información asócianse para promover o comercio electrónico como medio de conseguir unha vantaxe competitiva para as pemes. Para iso proporciónase un portal de formación en liña, así como formación, asesoría e programas de apoio para fomentar un uso máis intensivo das TIC.
- Realízanse campañas de comercialización das TIC en zonas industriais para animar as microempresas a sacar partido das tecnoloxías da información.

Desde que se iniciou o proxecto, o número de solicitudes e ofertas presentadas por microempresas está en constante aumento, igual que o número de visitas ao sitio web.

POLONIA

O *Ministerstwo Gospodarki* iniciou en xaneiro do 2004 e ata decembro do 2006 un programa de formación e educación para estudantes que espera que chegue a un amplo sector da poboación a través da difusión en medios de comunicación.

PORTUGAL

En xullo do 2005 tómase a iniciativa de acelerar a creación dunha empresa coa posta en marcha dun sistema de xanela única con vínculos electrónicos. Con esta medida, na que participaron os ministerios de Xustiza, Facenda, Traballo e Seguridade Social, Economía e Innovacións, intégranse todos os procedementos necesarios para crear unha empresa, de tal forma que podería facerse no prazo dunha hora. Desde que se puxo en marcha o proxecto e ata xuño do 2006, creáronse en Portugal máis de mil cen empresas, co

cumprimento de todos os requisitos nun prazo medio dunha hora e quince minutos. No mesmo prazo, pasouse de 6 a 12xanelas.

2.4. Indicadores do Banco Mundial para crear unha empresa.

Na web <http://espanol.doingbusiness.org/ExploreTopics/StartingBusiness/> atópanse datos dun estudo do Banco Mundial, realizado no 2006, no que se comparan o número de procedementos, tempo e gasto que se requiren para dar de alta unha sociedade limitada en distintos países da UE. Os indicadores utilizados permiten comparar os datos dos diferentes países da UE que participaron no devandito estudo. Estes datos refírense de xeito xeral á apertura dun negocio e non concretamente á apertura dun negocio a través dun sistema de xanela única.

En cada país estanse a realizar enormes esforzos de cara á implantación da xanela único empresarial. Posto que o concepto é diverso e depende dos diferentes estadios de desenvolvemento en cada país, estes datos do Banco Mundial serven para ter unha visión global de en que punto está cada país participante. Independentemente, e como aparece no informe detallado de cada un dos países, sábese que hai organismos concretos que están a funcionar como unha xanela única e nos que dar de alta unha empresa é máis rápido e menos custoso que o que se reflicte como media no estudo xeral do Banco Mundial.

No anexo II do documento atópase detallada a metodoloxía empregada no estudo, tal como a describe o Banco Mundial.

PAÍS	Nº DE PROCEDEMENTOS	TEMPO EN DÍAS	GASTOS (% do ingreso <i>per capita</i>)
Alemaña	9	24	5,1
Austria	9	29	5,6

Bélxica	4	27	5,8
Dinamarca	3	5	0,0
Eslovenia	9	60	9,4
España	10	47	16,2
Estonia	6	35	5,1
Francia	7	8	1,1
Grecia	15	38	24,2
Hungría	6	38	20,9
Irlanda	4	19	0,3
Italia	9	13	15,2
Letonia	5	16	3,5
Lituania	7	26	2,8
Noruega	4	13	2,5
Países Baixos	6	10	7,2
Polonia	10	31	21,4
Portugal	8	8	4,3
Reino Unido	6	18	0,7
República Checa	10	24	8,9
República Eslovaca	9	25	4,8
Suecia	3	16	0,7

CONCLUSIÓNS

A UE pretende impulsar a creación e o bo funcionamento das pemes, como elemento puntal da súa economía. Dado que, como se dixo antes, cada país centrou os seus esforzos en diferentes aspectos que contribúen a facilitar a creación dunha nova empresa, o desenvolvemento da xanela único empresarial está a evolucionar de xeito diferente nos distintos países. Hai, non obstante, algunhas medidas que parece que poderían ser adoptadas por todos os países independentemente de cales sexan os organismos implicados na creación dunha empresa:

- Dotar os empresarios con subvencións que custeen os gastos iniciais para crear unha empresa. Isto non só axuda o empresario no ámbito económico, senón que ademais rompe coa barreira psicolóxica que ás veces impide a mera formulación de crear un negocio propio.
- Validar a sinatura dixital, de tal forma que o notario poida verificar a autenticidade de todos os documentos sen que o emprendedor teña que comparecer na súa oficina, ou que, polo menos, sexa suficiente con que compareza unha soa vez.
- Crear unha base de datos á que teñan acceso tanto o empresario como todos os organismos ou rexistros implicados na creación dunha empresa, de tal forma que se poidan ir engadindo ou modificando datos sen necesidade de visitar unha oficina e sen esperas innecesarias nas colas.
- Crear un formulario único en liña, tamén chamado "metaformulario", que evite ter que cubrir os mesmos datos múltiples veces.

Estas medidas facilitanlle ao empresario a creación dunha empresa e o acceso á información necesaria para chegar a desenvolver unha idea de negocio que



poida ter éxito e que contribúa ao impulso da economía do seu país e, por extensión, da UE.



FONTES DE INFORMACIÓN:

- Empresa Europa nº 19, páx. 9, abril-xuño de 2005.
- Carta europea da pequena empresa, Cumio Europeo de Feira, Lisboa, 2000.
- Comunicación da Comisión, Carta da pequena empresa, Bruxelas 7.03.2001.
- Scadplus: Procedemento Best: 2001-2002: simplificación lexislativa e normativa.
- Considerando 22 da proposta modificada de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello relativa aos servizos no mercado interior.
- Resolución do 19 de xullo de 2005, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se dispón a publicación do Acordo do Consello de Ministros do 15 de xullo de 2005 para a implantación dunha Rede de Oficinas Integradas de Atención ao Cidadán en colaboración coas comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local. BOE 03/08/2005.
- Informe sobre a aplicación da Carta europea das pequenas empresas, Bruxelas, 6.2.2002 com(2002) 68 final.
- Informe da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo sobre a aplicación da Carta europea da pequena empresa, Bruxelas, 21.1.2003 com(2003) 21 final.
- Informe da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo sobre a aplicación da Carta europea da pequena empresa, Bruxelas, 11.02.2004 com(2004) 64 final.

- Comunicación da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo informe sobre a aplicación da Carta europea da pequena empresa Bruxelas, 8.2.2005 com(2005) 30 final.
- Carta europea da pequena empresa. Selección de boas prácticas 2006 Comisión Europea.
- Directiva do Parlamento Europeo e do Consello relativa aos servizos no mercado interior. Bruxelas.04/04/2006 COM(2006)160 final.

PÁXINAS WEB CONSULTADAS:

<http://www.ventanillaempresarial.org/oficinas.htm>

http://www.ventanillaempresarial.org/docum_vues/datos_VUEs_31dic05.pdf

<http://www.cfe.iapmei.pt/cfe>

<http://www.vue.es>

<http://www.circe.es/portal/>

<http://www.sbs.gov.uk/>

<http://www.companieshouse.gov.u/>

<http://www.cro.ie>

<http://annuaire-cfe.insee.fr/AnnuaireCFE/html/MissionCFE.htm>

<http://www.cfe.ccip.fr/>

<http://www.Existenzgruender.de>

<http://www.handelsregister.de>

<http://www.rcsl.lu/>

<http://www.brreg.no/english/registers/business/business.html>

<http://www.businessinfo.cz/>

<http://www.gge.gr/>



<http://www.ur.gov/>

<http://www.eer.ee/>

www.help.gv.at.

http://www.mcit.gov.cy/mcit/drcor/drcor.nsf/index_gr/index_gr?openDocument

<http://www.ktm.fi>

<http://www.enterprisefinland.fi>

<http://www.te-keskus.fi>

<http://www.enterprisefinland.fi/liston/portal/page.jsp?r=5724&l=en/>

<http://www.mfsa.com.mt/>

<http://registry.mfsa.com.mt/>

<http://www.nutek.se/foretagarguiden>

<http://www.kvk.nl><http://www.overheid.nl>

<https://www.foretagsregistrering.se/>

<http://www.pcmg.si/index.php?root=4>

<http://www.eogs.dk>

<http://www.webreg.dk>

http://economie.fgov.be/enterprises/crossroads_bank/home_fr.htm

<http://creation-pme.wallonie.be>

<http://www.abe.irisnet.be>

<http://www.vlaanderen.be/gratisopstart>

<http://www.ondernemen.vlaanderen.be>

<http://www.ebusiness-watch.org/resources/documents/eBusiness-Report-2005.pdf>

<http://www.orsr.sk>



<http://www.katasterportal.sk>

<http://www.vilnius.lt>

<http://www.delfi.lt>

<http://.doingbusiness.org/Exploretopics/StartingBusiness>

http://ec.europa.eu/enterprises_policy/charter/reports.htm

<http://europa.eu.int/youreurope/nav/en/business/home.html>

<http://www.superproject.org/en/index2.htm>

http://ec.europa.eu/enterprise/enterprise_policy/charter/gp/index.cfm?fuseaction=practice.list&CFID=11640&CFTOKEN=d3a092437ff40950-09DD280C-0563-451C-0A3FB7F4E74652AA&jsessionid=aa30b3fe435a773f584f

<http://ec.europa.eu/idabc/en/chapter/423>

http://ec.europa.eu/enlargement/fiche_projet/index.cfm

http://epp.eurostat.ec.europa.eu/portal/page?_pageid=1090,30070682,1090_30298591&_dad=portal&_schema=PORTAL

http://ec.europa.eu/enterprise/library/ee_online/index_en.htm

http://ec.europa.eu/enterprise/smes/index_en.htm

<http://ec.europa.eu/idabc/en/chapter/140>

<http://ec.europa.eu/idabc/en/document/5094/254>

ANEXO 1: Desenvolvemento do articulado correspondente ao capítulo II de simplificación administrativa, capítulo III Libre circulación de servizos - sección 2 Dereitos dos destinatarios de servizos e capítulo IV Calidade dos servizos

Capítulo II Simplificación administrativa

Artigo 5 "Simplificación dos procedementos":

1. "Os estados membros verificarán e, se procede, simplificarán os procedementos e trámites aplicables ao acceso a unha actividade de servizos e ao seu exercicio. A Comisión poderá establecer formularios harmonizados a escala comunitaria referentes a certificados, acreditacións ou outros documentos requiridos para o establecemento dun prestador de servizos.
2. Cando os estados membros lle soliciten a un prestador ou a un destinatario que presente un certificado, xustificante ou calquera outro documento que demostre o cumprimento dun requisito, aceptarán calquera documento doutro estado membro que teña unha función equivalente ou do que se desprenda que o requisito en cuestión está cumprido. No caso de documentos doutro estado membro, non obrigarán a presentar o orixinal, unha copia compulsada ou unha tradución compulsada, salvo nos casos previstos noutros instrumentos comunitarios ou agás excepción xustificada por unha razón imperiosa de interese xeral, incluída a orde pública e a seguridade.

Artigo 6 "Portelo único":

1. Os estados membros garantirán que, como moito tres anos despois da entrada en vigor da presente directiva, os prestadores de servizos poidan dirixirse a un punto de contacto, denominada xanela ÚNICO, para levar a cabo os seguintes procedementos e trámites:

- Todos os procedementos e trámites necesarios para acceder ás súas actividades de servizos, en especial as declaracións, notificacións ou solicitudes de autorización dirixidas ás autoridades competentes, incluídas as solicitudes de inscrición en rexistros, listas oficiais, base de datos ou colexios profesionais.
 - As solicitudes de autorizacións necesarias para o exercicio das súas actividades de servizos.
2. A creación de xanelas únicas non supón unha interferencia na repartición de funcións ou competencias entre as autoridades competentes dentro de cada sistema nacional.

Artigo 7 "dereito á información":

1. Os estados membros farán o necesario para que os prestadores e os destinatarios poidan acceder doadamente á seguinte información por medio de XANELAS ÚNICAS:

- Os requisitos aplicables aos prestadores establecidos no seu territorio, en especial os relativos aos procedementos e trámites necesarios para acceder ás actividades de servizos e exercelas.
- Os datos das autoridades competentes que permitan poñerse directamente en contacto con elas, incluídas as autoridades competentes en materia de exercicio de actividades de servizos.
- Os medios e condicións de acceso aos rexistros e bases de datos públicos relativos aos prestadores de servizos.
- As vías de recurso xeralmente dispoñibles en caso de litixio entre as autoridades competentes e o prestador ou o destinatario, ou entre un prestador e un destinatario, ou entre prestadores.
- Os datos das asociacións ou organizacións distintas das autoridades competentes ás que os prestadores ou destinatarios poidan dirixirse para obter axuda práctica.

2. Os estados membros farán o necesario para que os prestadores e os destinatarios poidan obter, cando así o soliciten, axuda das autoridades competentes, que consistirá en dar información sobre a forma en que se interpretan e aplican xeralmente os requisitos recollidos no apartado 1 a). Cando proceda, o devandito asesoramento incluírá unha guía simple e detallada. A información facilitarase de xeito claro e intelixible.
3. Os estados membros farán o necesario para que a información e a axuda recollidas nos apartados 1 e 2 se faciliten de forma clara e inequívoca, se poida acceder a elas doadamente a distancia e por vía electrónica e para que estean actualizadas.
4. Os estados membros aseguraranse de que as xanelas únicas e as autoridades competentes dean resposta o antes posible a toda solicitude de información ou de axuda recollida nos apartados 1 e 2 e, se a solicitude é errónea ou carente de fundamento, informen diso o solicitante o antes posible.
5. Os estados membros disporán, como máximo, de ata tres anos, despois da entrada en vigor da presente directiva, para aplicar o disposto nos apartados 1 a 4.
6. Os estados membros e a Comisión tomarán medidas complementarias para fomentar XANELAS ÚNICAS para que poida accederse á información considerada no presente artigo noutras linguas comunitarias, sempre que lles sexa compatible coa súa lexislación sobre o uso das linguas.
7. A obriga das autoridades competentes de asistir os prestadores e os destinatarios non lles esixe que faciliten asesoramento xurídico en casos

particulares, senón que se refire unicamente a información xeral sobre a forma en que adoita interpretarse ou aplicarse o uso das linguas.

Artigo 8 " procedemento por vía electrónica"

1. Os estados membros farán o necesario para que, como máximo tres anos despois da entrada en vigor da presente directiva, todos os procedementos e trámites relativos ao acceso a unha actividade de servizos e ao seu exercicio se poidan realizar doadamente, a distancia e por vía electrónica, ante a xanela ÚNICO de que se trate e ante as autoridades competentes.
2. O apartado 1 non se aplicará ás inspeccións do lugar no que se presta o servizo ou do equipo usado polo prestador, nin ao exame físico da capacidade do prestador.
3. Conforme ao procedemento considerado no artigo 42.2, a Comisión adoptará normas de desenvolvemento co fin de facilitar a interoperabilidade dos sistemas de información e a utilización dos procedementos electrónicos entre os estados membros".

Capítulo III Libre circulación de servicios - Sección 2 Dereitos dos destinatarios de servizos

Artigo 22 "Asistencia aos destinatarios"

1. Os estados membros farán o necesario para que os destinatarios poidan obter, **a partir das xanelas únicas**:

a) Información sobre os requisitos aplicables nos demais estados membros ao acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, especialmente a información relacionada coa protección dos consumidores.

b) Información **xeral** sobre as vías de recurso dispoñibles en caso de litixio entre o prestador e o destinatario.

c) Datos das asociacións ou organizacións, incluídos os puntos de contacto da Rede de centros europeos dos consumidores (Rede CEC), que lles poden ofrecer aos prestadores ou aos destinatarios asistencia práctica.

Se fose necesario, o asesoramento das autoridades competentes incluírá unha guía simple e detallada.

A información e a asistencia facilitaranse de forma clara e inequívoca. Poderase acceder a elas doadamente a distancia e por vía electrónica, e manteranse actualizadas.

2. Os estados membros poderán confiarlles o labor recollido no apartado 1 aas xanelas únicas ou a calquera outro organismo, como os puntos de contacto da Rede de centros europeos dos consumidores (Rede CEC), as asociacións de consumidores ou os centros de información empresarial (Euro Info Centres).



Como máximo na data prevista no artigo 45, os estados membros comunicaranlle á Comisión os nomes e os sinais dos organismos designados. A Comisión enviaraos a todos os estados membros.

3. Co fin de poder comunicar os datos recollidos no apartado 1, o organismo ao que recorra o destinatario dirixirase ao organismo do Estado membro de que se trate. Este último deberá comunicar os datos solicitados o antes posible. Os estados membros farán o necesario para que estes organismos se presten asistencia recíproca e fagan o necesario para cooperar entre si de forma eficaz.

4. A Comisión adoptará, conforme o procedemento ao que se refire o artigo 42, apartado 2, as medidas de aplicación dos apartados 1, 2 e 3, especificando os detalles técnicos dos intercambios de información entre organismos de estados membros distintos e, particularmente, da interoperabilidade dos sistemas de información.

Capítulo IV Calidade dos servizos

Artigo 26 "Información sobre os prestadores e os seus servizos"

1. Os estados membros farán o necesario para que os prestadores poñan á disposición do destinatario a información seguinte:

(a) nome, estatuto e forma xurídica, enderezo xeográfico en que o prestador ten o seu establecemento e os datos necesarios para poñerse rapidamente en contacto e comunicar directamente con el, de ser o caso, por vía electrónica

(b) en caso de que o prestador estea inscrito nun rexistro mercantil ou noutro rexistro público análogo, o devandito rexistro mercantil e o seu número de inscrición, ou os medios equivalentes de identificación que figuren no devandito rexistro

(c) en caso de que a actividade estea sometida a un réxime de autorización, os datos da autoridade competente ou da xanela único

(d) en caso de que o prestador exerza unha actividade suxeita ao IVE, o número de identificación mencionado no artigo 22, apartado 1, da sexta Directiva 77/388/CEE do Consello,

(e) polo que se refire ás profesións reguladas, todo colexio profesional ou organismo análogo no que estea inscrito o prestador, e o título profesional e o estado membro no que foi outorgado

(f) condicións e cláusulas xerais, cando o prestador as empregue

(g) cláusulas contractuais sobre a lexislación aplicable ao contrato e/ou sobre os órganos xudiciais competentes.

2. Os estados membros farán o necesario para que, a elección do prestador, os datos contemplados no apartado 1:

a) sexan comunicados polo prestador por propia iniciativa;

b) sexan de doado acceso para o destinatario no lugar de prestación ou de celebración do contrato

c) sexan de doado acceso para o destinatario por vía electrónica a través dun enderezo comunicado polo prestador;

d) figuren en todo documento informativo do prestador que se lle facilite ao destinatario e no que se presenten de forma detallada os seus servizos.

3. Os estados membros farán o necesario para que os prestadores, a petición do destinatario, lle comuniquen a seguinte información suplementaria:

a) principais características do servizo;

b) prezo do servizo ou, se non se pode indicar o prezo exacto, método para calcular o prezo, de forma que o destinatario poida comprobalo, ou un presuposto suficientemente detallado

[c) suprimido]

d) no caso das profesións reguladas, referencia ás normas profesionais aplicables no estado membro de establecemento e os medios para acceder a elas.

4. Os estados membros farán o necesario para que a información considerada no presente capítulo que o prestador debe facilitar estean dispoñibles ou se proporcionen de forma clara e inequívoca, coa debida antelación antes da celebración do contrato ou, cando non haxa contrato por escrito, antes da prestación do servizo.

5. As obrigas de información consideradas no presente capítulo engadiranse aos requisitos xa previstos no dereito comunitario e non obstarán para que os estados membros prevexan requisitos de información suplementarios aplicables aos prestadores que teñan o seu establecemento no territorio nacional.

6. Conforme ao procedemento previsto no artigo 42, apartado 2, a Comisión poderá precisar o contido da información ao que se refiren os apartados 1 e 3 do presente artigo en función das peculiaridades de determinadas actividades e precisar o modo de aplicación práctica do disposto no apartado 2.

ANEXO 2: Datos dun estudo do Banco Mundial, realizado no 2006, no que se comparan o número de procedementos, tempo e gasto que se requiren para dar de alta unha sociedade limitada en distintos países da UE.

Apertura dun negocio

No informe Doing *Business* plásmanse todos os procedementos oficiais que se requiren para que un empresario poida abrir e desempeñar formalmente a actividade dunha empresa industrial ou comercial. Estes inclúen a obtención de todas as licenzas e permisos necesarios, presentación de notificacións, verificacións ou inscricións da compañía e dos empregados ante as autoridades correspondentes.

Despois de estudar as leis, regulacións e información dispoñible publicamente para a entrada en funcionamento dun negocio, desenvólvese unha lista detallada de procedementos, xunto co tempo e o gasto que cumprir con cada procedemento.

Tamén se reúne información acerca da secuencia na que se deben completar os procedementos e sobre se estes se poden realizar simultaneamente. Sponse que toda a información requirida está directamente dispoñible e que todas as axencias involucradas no proceso de lanzamento da empresa funcionan eficientemente. Se as respostas dos expertos locais difiren, continúan as consultas ata que se resollen as diferenzas.

Para poder comparar os datos entre os diferentes países, téñense que dar unha serie de requisitos, que son os seguintes:

Requisitos acerca da empresa:

- É unha compañía de responsabilidade limitada. Se hai máis dun tipo de compañía de responsabilidade limitada no país, elíxese a forma de responsabilidade limitada máis popular entre as firmas domésticas. A información acerca da forma máis popular obtense a través de avogados ou da oficina de estatísticas.

- Opera na cidade con maior número de habitantes do país.
- É de propiedade nacional 100% e ten 5 donos, ningún dos cales é unha entidade legal.
- Ten un capital inicial de 10 veces o ingreso *per capita* ao final de 2005, pagado en efectivo.
- Realiza actividades xerais industriais ou comerciais, tales como a produción ou venda de produtos ou servizos ao público. Non desempeña operacións de comercio exterior e non manexa produtos suxeitos a un réxime tributario especial, como, por exemplo, licores ou tabaco. A empresa non está a utilizar procesos de produción altamente contaminantes.
- Aluga a planta comercial e as oficinas; e non é propietario de bens raíces.
- Ten como máximo 50 empregados ao mes de comezar as operacións, ningún deles estranxeiro.
- Ten unha facturación de polo menos 100 veces o ingreso *per capita*.
- A súa escritura de constitución é de 10 páxinas de extensión.

Procedementos

Un procedemento defínese como calquera interacción entre o fundador da compañía e as partes externas (axencias gobernamentais, avogados, auditores, notarios). As interaccións entre os fundadores ou executivos da compañía e os empregados non se consideran como procedementos. Estes deben completarse no mesmo edificio, pero en oficinas separadas; e cóntanse como procedementos separados. Suponse que os fundadores completan todos os procedementos por si mesmos, sen intermediarios ou avogados, a menos que o emprego dun terceiro sexa requirido pola lei.

Considéranse tanto os procedementos previos á incorporación como os posteriores a esta da compañía que se requiren oficialmente para que un empresario inicie a súa actividade empresarial.

Inclúense os procedementos requiridos para a correspondencia oficial ou as transaccións con axencias públicas. Por exemplo, cóntase coa obtención dun selo ou cuño da compañía se o devandito selo se require en documentos oficiais, tales como a declaración de impostos. De forma similar, se unha compañía debe abrir unha conta bancaria antes de rexistrar o imposto ás vendas ou ao valor engadido, esta transacción inclúese como un procedemento. Os atallos cóntanse só se cumpren con 3 criterios: son legais, están dispoñibles para o público en xeral e evitalos causarían grandes atrasos.

Soamente están cubertos os procedementos requiridos para todas as empresas, mentres que os procedementos específicos para cada industria están excluídos. Por exemplo, os requiridos para cumprir coas regulacións ambientais inclúense só se se lles aplican a todas as empresas que realizan actividades comerciais ou industriais xerais. Os procedementos que a compañía necesita efectuar para conectar os servizos de electricidade, auga, gas e desperdicios non se inclúen.

Tempo

O tempo rexístrase en días laborables. A cifra amosa a duración media que os avogados indican como necesaria para completar un procedemento. Suponse que o tempo mínimo requirido para cada procedemento é un día. A pesar de que os procedementos poden realizarse simultaneamente, non poden comezar no mesmo día. Considérase que un procedemento se completou unha vez que a compañía recibiu o documento final, tal como o certificado de rexistro da compañía ou o número de imposto. Se se pode acelerar un procedemento a un custo adicional, elíxese o procedemento máis rápido. Suponse que o empresario non perde o tempo e se dedica a completar cada procedemento restante sen atraso. Ignórase o tempo que o empresario emprega en recoller

información. Suponse que o empresario está informado de todas as regulacións para a apertura dunha empresa e a súa secuencia desde o principio, pero que non tivo contacto previo con ningún dos oficiais.

Gastos

Os gastos reflectidos neste estudo son o resultado do cálculo da porcentaxe do ingreso *per capita* do país. Só se consideran os gastos oficiais. Úsanse como referentes legais a Lei de compañías, o Código de comercio e as regulacións específicas e lista de gastos para calcular o custo de apertura.

Requisitos de capital mínimo achegado

Este requirimento reflicte a cantidade que o empresario necesita depositar nun banco antes de que comece o rexistro e rexístrase como unha porcentaxe do ingreso *per capita* do país. Esta cantidade normalmente especificase no Código de comercio ou na Lei de compañías. Moitos países requiren un capital mínimo achegado, pero nalgúns países permítese que as compañías paguen só unha parte antes do rexistro, e o resto debe pagarse despois do primeiro ano de operación. En Mozambique, en marzo de 2006, por exemplo, o requirimento de capital mínimo para compañías de responsabilidade limitada era de 1,5 millóns de meticais, dos cales a metade debía pagarse antes do rexistro. O capital mínimo achegado rexistrado para Mozambique era de 750.000 meticais, ou o 10% do ingreso *per capita*. Nas Filipinas, o requirimento de capital mínimo era de 5.000 pesos, pero só a cuarta parte debía pagarse antes do rexistro. O capital mínimo achegado rexistrado para Filipinas era de 1.250 pesos ou do 2% do ingreso *per capita*.

Esta metodoloxía desenvolveuse en Djankov e outros (2002) e adoptouse aquí con pequenas modificacións.